PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Número 341
26 de febreiro de 2026
Fascículo 4

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa
### 1.1.2. Propostas de normas
### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e de protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia 187651

### 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

**Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación**

**51600 (12/POC-008289)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**
Sobre os danos provocados no sector marisqueiro da ría de Arousa pola recente sucesión de temporais e as medidas que prevé poñer en marcha o Goberno galego para afrontar as súas repercusións actuais e nos vindeiros anos 187678

**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

**50638 (12/POC-008123)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á dotación do concello da Estrada dunha residencia pública de maiores 187683

**50643 (12/POC-008124)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Rodríguez Conde, Ángel e 9 máis**
Sobre o estado das obras do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Padrón para reducir o risco de inundacións provocadas polo río Sar e a posible necesidade de estender estas actuacións a outros puntos da contorna 187687

**50651 (12/POC-008126)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina**
Sobre os danos provocados polos temporais na cuberta do CIFP Anxel Casal, da Coruña, as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia e as medidas que está a tomar para evitar a súa reiteración 187691

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**50668 (12/POC-008128)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis**
Sobre o desenvolvemento do artigo 49 da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e a elaboración do mapa anual de riscos e impactos asociados aos incendios 187695

**50673 (12/POC-008129)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis**
Sobre a postura do Goberno galego verbo dunha posible revisión do modelo de xestión e desenvolvemento do solo empresarial en Galicia e as súas previsións ante diversos aspectos relativos a esta materia 187700

**50683 (12/POC-008131)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 4 máis**
Sobre a organización das gardas de farmacias e a eventual modificación da Lei de ordenación farmacéutica de Galicia para garantilas nas localidades onde hai puntos de atención continuada ou unidades de urxencias hospitalarias 187706

**50770 (12/POC-008132)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Insua Lema, Óscar e 2 máis**
Sobre a reclamación veciñal no lugar de Brenlla, en Coristanco, ante a localización dunha antena de telefonía móbil e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante estas demandas 187712

**50776 (12/POC-008133)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra**
Sobre as demandas das persoas propietarias que residen en Monte Mero, A Coruña, afectadas polo proxecto de interese autonómico (PIA) para a construción de vivendas e urbanización do barrio 187717

**50783 (12/POC-008134)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis**
Sobre a avaliación que fai o Goberno galego das súas políticas de desenvolvemento do solo empresarial e as súas previsións en relación co impulso de novas estratexias 187720

**50795 (12/POC-008135)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á planificación da dotación de infraestruturas educativas en Galicia 187726

**50799 (12/POC-008136)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os criterios empregados actualmente pola Xunta de Galicia para decidir as actuacións de rehabilitación nos centros educativos públicos 187730

**50803 (12/POC-008137)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre a eventual existencia en mans da Xunta de Galicia dunha avaliación técnica actualizada do estado das infraestruturas dos centros educativos públicos galegos 187734

**50808 (12/POC-008138)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre o número de centros educativos públicos que presentan actualmente necesidades de rehabilitación estrutural ou intervencións integrais e o investimento que se estima necesario para acometelas 187738

**50812 (12/POC-008139)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe ao diálogo coas comunidades educativas para planificar a actualización das infraestruturas dos centros educativos públicos 187742

**50814 (12/POC-008140)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da eventual publicación dun rexistro actualizado e accesible das actuacións realizadas nas infraestruturas educativas desde 2009 187746

**50823 (12/POC-008141)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Davila, María Cristina e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**
Sobre as necesidades do Xulgado de Ponteareas en canto a prazas xudiciais e persoal de apoio, así como sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia ao respecto 187750

**50827 (12/POC-008142)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Davila, María Cristina e González Iglesias, Carmela**
Sobre as necesidades de recursos humanos e económicos dos centros educativos do Porriño e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto 187755

**50838 (12/POC-008143)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**
Sobre os efectos no sector do mar provocados pola sucesión de temporais, a avaliación que fai a Xunta de Galicia e as súas actuacións urxentes e a medio prazo previstas para afrontar as consecuencias 187760

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**50843 (12/POC-008144)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis**
Sobre o grao de eficacia da planificación da Xunta en materia de inundacións á vista dos danos e incidencias provocados polos últimos episodios de chuvias e as previsións verbo da revisión do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia 187766

**50852 (12/POC-008145)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Davila, María Cristina e González Iglesias, Carmela**
Sobre as necesidades de recursos humanos e económicos dos centros educativos en Galicia e as previsións do Goberno galego ao respecto 187771

**50856 (12/POC-008146)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Davila, María Cristina e 3 máis**
Sobre as necesidades de recursos humanos e económicos dos centros educativos da comarca de Vigo e as previsións do Goberno galego ao respecto 187776

**50865 (12/POC-008147)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel**
Sobre as previsións respecto da avaliación do estado das instalacións educativas por parte da Xunta de Galicia para planificar as melloras, ampliacións ou obras de eficiencia enerxética que precisan 187781

**50871 (12/POC-008148)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis**
Sobre o balance do labor que levou a cabo o Servizo de Gardacostas de Galicia no ano 2025 187786

**50873 (12/POC-008149)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis**
Sobre o convenio específico asinado entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia 187791

**50875 (12/POC-008150)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis**
Sobre o grao de execución financeira en Galicia do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura 187796

**50878 (12/POC-008151)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Cendán Gayoso, María Nazaret e 7 máis**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as conclusións extraídas do *Estudo e análise da internacionalización do sector mar-industria galego*, realizado polo Clúster Alimentario de Galicia 187800

**50879 (12/POC-008152)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Davila, María Cristina e González Iglesias, Carmela**
Sobre as necesidades de recursos humanos e económicos dos centros educativos da comarca do Condado-A Paradanta e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto 187804

**50883 (12/POC-008153)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Cendán Gayoso, María Nazaret e 7 máis**
Sobre a resposta do Ministerio de Pesca ás demandas do sector pesqueiro galego relativas ás especies máis afectadas na negociación dos TAC e das cotas para o ano 2026 187809

**50889 (12/POC-008154)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Grueira Fernández, Nicole e 9 máis**
Sobre os resultados da posta en marcha do Bono Emancípate e o investimento total previsto para a súa segunda convocatoria 187813

**50892 (12/POC-008155)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Davila, María Cristina e 2 máis**
Sobre as necesidades de recursos humanos e económicos dos centros educativos do concello de Mos e as previsións do Goberno galego ao respecto 187817

**50895 (12/POC-008156)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis**
Sobre as medidas concretas que está a adoptar a Xunta de Galicia para a implantación da Estratexia galega de enfermidades raras 2025-2030 187822

**50901 (12/POC-008157)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis**
Sobre o recente anuncio do Goberno de España dunha futura prestación universal por crianza de 200 euros mensuais 187825

**50905 (12/POC-008158)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e 3 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas de accesibilidade ao Complexo Hospitalario Universitario da Coruña 187829

**50919 (12/POC-008159)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Insua Lema, Óscar e 3 máis**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o mantemento do emprego e da actividade industrial vinculados ás concesións hidroeléctricas do río Xallas e a postura do Goberno galego respecto das actuacións da empresa Xeal 187833

**50924 (12/POC-008160)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e Ríos Santomé, Paulo**
Sobre o estado en que están as instalacións e os exteriores da estación de autobuses da Pobra do Caramiñal e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á súa rehabilitación e ao restablecemento dos seus servizos 187842

**50930 (12/POC-008161)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ríos Santomé, Paulo e 3 máis**
Sobre a calidade do transporte marítimo na ría de Vigo e a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da súa posible conversión nun servizo de titularidade pública 187847

**50936 (12/POC-008162)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ríos Santomé, Paulo e 2 máis**
Sobre as necesidades de reforzo do transporte por estrada no Morrazo cando as alertas meteorolóxicas imposibilitan o transporte de ría e as posibilidades de acadar a titularidade pública desta última modalidade de transporte 187851

**50941 (12/POC-008163)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Suárez Fernández, Iago e Presas Bergantiños, Noa Olalla**
Sobre a situación en que está o remo feminino, as valoracións do Goberno galego respecto da igualdade nesta modalidade deportiva e as medidas e propostas que está a impulsar a curto, medio e longo prazo ao respecto 187855

**50960 (12/POC-008166)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis**
Sobre a valoración e a postura do Goberno galego respecto da posibilidade e soterrar a liña de alta tensión entre Cornido e Navantia, no barrio ferrolán de Caranza, e as xestións e previsións da Xunta de Galicia ao respecto 187860

**50967 (12/POC-008167)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre as conclusións do estudo derivado do convenio da Xunta de Galicia coas universidades galegas en relación coa incidencia do cambio climático na costa galega e a planificación prevista ao respecto 187865

**50977 (12/POC-008168)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia decidiu suprimir a Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) e a data en que comunicou a decisión aos equipos responsables 187871

**50981 (12/POC-008169)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre a avaliación do labor da Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) durante o seu período de funcionamento 187875

**50985 (12/POC-008170)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre a avaliación do impacto da supresión da Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) e as eventuais alternativas 187879

**50989 (12/POC-008171)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre as previsións orzamentarias da Xunta de Galicia respecto dunha eventual recuperación da Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) con carácter estable 187883

**50993 (12/POC-008172)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de reactivar a Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) con fondos propios e, de ser o caso, a súa dotación, a cobertura territorial e o calendario 187887

**50999 (12/POC-008173)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana**
Sobre a recente aparición masiva de aves mariñas mortas en varias praias do litoral galego e a valoración e as actuacións da Xunta de Galicia ante esta situación 187891

**51005 (12/POC-008174)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre os danos causados polos últimos temporais na costa galega e as previsións do Goberno galego canto á súa avaliación e á posta en marcha dun programa de reparacións e dunha estratexia de prevención 187895

**51009 (12/POC-008175)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat**
Sobre o estado do Centro de Saúde de Vila de Cruces e a inspección comprometida pola Xunta de Galicia co fin de valorar as eivas que presentan as súas instalacións 187899

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**51019 (12/POC-008176)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre os criterios obxectivos empregados polo Goberno galego desde 2009 para determinar as prioridades de intervención nas infraestruturas dos centros educativos públicos 187903

**51023 (12/POC-008177)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á elaboración e presentación de informes verbo das obras realizadas nas infraestruturas dos centros educativos públicos desde o ano 2009 187907

**51027 (12/POC-008178)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre as previsións do Goberno galego verbo da eventual publicación periódica e accesible das obras realizadas nos centros educativos públicos desde o ano 2009 187911

**51031 (12/POC-008179)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**
Sobre o nivel de equilibrio territorial dos investimentos da Xunta de Galicia en infraestruturas educativas 187915

**51039 (12/POC-008180)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á materialización do compromiso do presidente da Xunta en canto á elaboración dunha nova lei de ciencia e innovación de Galicia 187919

**51043 (12/POC-008181)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e 2 máis**
Sobre as previsións temporais da Xunta de Galicia para a presentación do novo proxecto de lei de ciencia e innovación de Galicia 187923

**51047 (12/POC-008182)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e 2 máis**
Sobre a dotación orzamentaria específica que prevé destinar o Goberno galego ao desenvolvemento e á execución da futura lei de ciencia e innovación de Galicia 187927

**51051 (12/POC-008183)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e 2 máis**
Sobre as eventuais negociacións co sector científico e innovador galego para garantir o consenso na nova lei de ciencia e innovación de Galicia e as súas previsións sobre a estabilidade laboral do persoal investigador 187931

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**51056 (12/POC-008184)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis**
Sobre a rescisión do contrato entre o Goberno de Uruguai e o estaleiro Cardama, de Vigo, e as medidas previstas polo Goberno galego para a defensa da actividade da construción naval, especialmente na devandita cidade 187935

**51063 (12/POC-008185)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre a xestión dos materiais procedentes da dragaxe do porto e da canle do río Lérez e a viabilidade do seu tratamento en terra 187940

**51072 (12/POC-008186)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no referido á limpeza dos regos de Cambelas e Os Pasales, en Padrón, para evitar asolagamentos nos episodios de chuvias persistentes e intensas 187946

**51076 (12/POC-008187)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**
Sobre a eventual existencia de estudos actualizados da capacidade hidráulica do treito do río Sar entre Estramundi e Pazos, en Padrón, e a valoración da Xunta de Galicia respecto da limpeza en profundidade do río Sar 187950

**51080 (12/POC-008188)**
**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**
**Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos**
Sobre o orzamento previsto pola Xunta de Galicia para a limpeza dos regos de Cambelas e Os Pasales, en Padrón 187954

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 25 de febreiro de 2025, pola que se aproba e se fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para ingresar, por promoción interna e mediante concurso-oposición, nunha praza do corpo de letradas e letrados 187676

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.1. Procedementos de natureza normativa
### 1.1.2. Propostas de normas
### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e de protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia.**

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2026
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

**Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e de protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia.**

A Ponencia designada pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, para emitir informe sobre o Proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia, nas reunións e cos acordos que a seguir se indican, á vista do texto do proxecto e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este INFORME.

1. *Antecedentes*

1.1. Este proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 21 de novembro de 2025, co número de asento 39099.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do 25 de novembro de 2025, admitiu a trámite esta iniciativa e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (*BOPG* núm. 290f3, do 26 de novembro de 2025) e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou o 16 de decembro de 2025 e o 19 de xaneiro de 2026, para as emendas á totalidade e ao articulado (cuarta prórroga), respectivamente. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación por parte da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

1.3. Dentro do prazo establecido para o efecto non se presentaron emendas á totalidade.

14. As emendas ao articulado presentadas, cualificadas pola Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 22 de xaneiro de 2026, e publicadas no *BOPG* núm. 321f1,

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do 26 de xaneiro de 2026, foron un total de corenta e dúas, trinta e unha do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 46624) e once do G.P. Socialista de Galicia (doc. núm. 46638).

2. *Composición, constitución e reunións da Ponencia*

2.1. Composición e constitución da Ponencia

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 29 de xaneiro de 2026, designou os seguintes ponentes:

— Polo G. P. Popular de Galicia: María Encarnación Amigo Díaz (titular) e Raúl Santamaría González (suplente).

— Polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego: María Montserrat Prado Cores (titular) e Iria Carreira Pazos (suplente).

— Polo G. P. Socialista de Galicia: María Elena Espinosa Mangana (titular) e Silvia Longueira Castro (suplente).

— Polo G. P. Mixto: Armando Ojea Bouzo (titular).

2.2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o 29 de xaneiro de 2026, coa presidencia da deputada Noelia Pérez López, na súa condición de presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e coa asistencia das ponentes e do ponente: María Encarnación Amigo Díaz, Iria Carreira Pazos, María Elena Espinosa Mangana e Armando Ojea Bouzo. Nesta sesión fixaron o calendario inicial de traballo.

Nas seguintes reunións, o día 9 de febreiro, coa asistencia das ponentes e dos ponentes María Encarnación Amigo Díaz, María Montserrat Prado Cores, María Elena Espinosa Mangana, Armando Ojea Bouzo e Raúl Santamaría González, e o día 11 de febreiro, coa asistencia das ponentes e dos ponentes titulares María Encarnación Amigo Díaz, María Montserrat Prado Cores, María Elena Espinosa Mangana e Armando Ojea Bouzo, estudou as propostas de aceptación e mais as transacción formuladas, deixando pendente o estudo doutras emendas.

Na derradeira reunión, que tivo lugar o 18 de febreiro, coa asistencia das ponentes e do ponente titulares María Encarnación Amigo Díaz, María Montserrat Prado Cores, María Elena Espinosa Mangana e Armando Ojea Bouzo, logo de posicionarse sobre as propostas de transaccións, concluíu o informe coas recomendacións definitivas desta ponencia.

3. *Elaboración do informe*

Como resumo sucinto do seu labor, a Ponencia formúlalle á Comisión as seguintes recomendacións:

3.1. A aceptación das emendas ou transaccións elaborados verbo delas, nos termos que constan no texto articulado deste informe.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.1.1. As transaccións que a seguir se relacionan:

— No apartado seis do artigo único, polo que se engade o artigo 42 *ter*, relativo ás infraccións graves en materia de violencia no ámbito sanitario, a transacción elaborada tomando como base a emenda número 3 do G. P. Socialista de Galicia, en relación coa reincidencia na comisión de máis dunha infracción leve.

— No apartado dez do artigo único, polo que se modifica o punto 2 do artigo 46 *ter*, relativo ás medidas provisionais durante o procedemento sancionador, a transacción elaborada tomando como base a emenda número 4 do G. P. Socialista de Galicia.

— Na disposición adicional única, en relación coas campañas de sensibilización social, a transacción conxunta tomando como base as emendas números 8 e 9 do G. P. Socialista de Galicia, pola que se establece o carácter continuado das referidas campañas.

3.1.2. As emendas do G. P. Socialista de Galicia números 1, 2, 6 e 10 e a emenda número 21 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

3.2. Por último, respecto das restantes emendas, do G. P. Socialista de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a ponente do G. P. Popular de Galicia recoméndalle á Comisión o seu rexeitamento.

4. *Texto articulado do Informe da Ponencia*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A violencia no lugar de traballo é recoñecida pola Organización Internacional do Traballo (OIT) como un perigo ocupacional, prevalecente en certas profesións, que debe ser prevido e evitado mediante políticas integrais de seguridade e de saúde, adoptando, para iso, as medidas de precaución correspondentes.

A propia OIT e a Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo recoñecen que as profesionais e os profesionais do ámbito sanitario están especialmente expostos a sufriren agresións e situacións de violencia, o que obriga a centrar, cada día máis, a atención dos poderes públicos.

Os profesionais e as profesionais son o principal activo do Sistema de saúde de Galicia e, porén, están a sufrir agresións de diferente tipo no exercicio da súa actividade laboral. Son situacións violentas que os poñen en risco e que lles poden provocar efectos nocivos, tanto na seguridade e na saúde da persoa afectada como no funcionamento do sistema sanitario no seu conxunto. Proba disto é que, de acordo cos datos extraídos dos sistemas de información de que dispón a Administración sanitaria de Galicia, no ano 2024, o número de profesionais do Servizo Galego de Saúde que comunicou algún tipo de violencia ascendeu a un total de 856 persoas, das cales 516 sufriron agresións verbais ou xestuais e 340 experimentaron violencia física. No mesmo intervalo temporal, atendendo ao nivel asistencial en que se produciron estes actos, resultou que na atención

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

primaria e extrahospitalaria se detectaron 511 actos de violencia e no nivel de atención hospitalaria se contabilizaron 345 deses actos.

As agresións físicas ou verbais ás profesionais e aos profesionais no exercicio das súas funcións, por parte de pacientes, familiares ou acompañantes quebran o vínculo de confianza que debe existir no desenvolvemento das funcións de carácter sanitario e supoñen un motivo de preocupación para as profesionais e os profesionais e, por tanto, para todo o Sistema de saúde de Galicia.

A pesar de que na reforma operada no Código penal, no que atinxe ao tipo penal do delito de atentado respecto dos suxeitos pasivos deste, equipárase o funcionariado público como unha autoridade pública, coa consecuencia de as persoas agresoras enfrontaren penas de cárcere máis duras e indemnizacións maiores, o problema da violencia no contexto sanitario continúa a presentar unha tendencia crecente.

II

O problema descrito ten carácter sistémico, como o proba o feito de que no pleno da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, do 26 de xullo de 2017, se acordase a creación dun grupo de traballo que elaborase as bases dun sistema de información de agresións a profesionais do Sistema de saúde. En maio de 2018, constituíuse un grupo de traballo específico, e na falta dun sistema de información previo que recompilase, de forma homoxénea, os datos das agresións notificadas nos distintos servizos sanitarios, elaborouse un documento consensuado que integraba un conxunto mínimo de datos (CMD) de agresións a profesionais no ámbito sanitario, con base nos datos achegados polas comunidades autónomas e polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

Durante o ano 2023, estableceuse un subgrupo de traballo dedicado a analizar e a valorar as modificacións no CMD xa existente. Como resultado da iniciativa, foron introducidos novos parámetros no CMD para facilitar a recompilación de información. As modificacións propostas, así como as actualizacións nalgúns parámetros, foron consideradas adecuadas no conxunto do grupo de traballo no inicio de 2024 e, posteriormente, foron presentadas ante a Comisión Técnica Delegada da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, na súa sesión do día 26 de febreiro de 2024. Estaba previsto que a mudanza referida no CMD fose implementada xa no ano 2025.

No entanto, alén do cómputo de datos, existe unha realidade que afecta negativamente o desempeño profesional e que precisa de medidas concretas de carácter inmediato para reverter a tendencia alcista das agresións e para dar a protección necesaria aos principais activos do Sistema de saúde de Galicia.

Na nosa comunidade, a violencia de que é vítima o persoal do Sistema público de saúde de Galicia deu lugar a que, nos últimos anos, se deseñasen uns protocolos e se implementasen distintas medidas para atallar estas situacións, mais o certo é que desde a pandemia se produciron mudanzas sociais que requiren a actualización destas medidas e a ampliación de accións, pondo especial énfase nas de carácter preventivo.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

De conformidade co artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, enténdese por «prevención» o conxunto de actividades ou de medidas adoptadas ou previstas en todas as fases de actividade, co fin de evitar ou de diminuír os riscos derivados do traballo, considerándose como tales as doenzas, as patoloxías ou as lesións sufridas por causa ou por ocasión do traballo. Para tal efecto, o artigo 5 da lei citada establece como obxectivos da prevención a promoción da mellora das condicións de traballo dirixida a elevar o nivel de protección da seguridade e da saúde das persoas traballadoras, recoñecendo, no seu artigo 14, o dereito a unha protección eficaz na materia de seguridade e de saúde.

Para este efecto, o artigo 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, establece os principios da acción preventiva, entre os cales se atopan: evitar os riscos; avaliar aqueles que non se puideren evitar; combatelos na súa orixe; e planificar a prevención, tendo en conta o estado da técnica, a organización do traballo ou as relacións sociais, entre outros.

III

Por conseguinte, cómpre implementar medidas concretas para impulsar unha mudanza na tendencia actual. Isto comporta a realización das modificacións lexislativas necesarias e que, deseguido, se describen.

Esta lei consta dun artigo único con dezaseis puntos que abordan as modificacións que se indican.

Desa maneira, a primeira modificación afecta o artigo 3 do título preliminar e consiste en incorporar para os efectos desa lei o que se entende por «violencia no ámbito sanitario» e por «profesional do ámbito sanitario». Neste sentido, a Comunidade Autónoma de Galicia, coñecedora da realidade da violencia neste ámbito e co seu firme compromiso de impedir tales actuacións e de protexer os profesionais e as profesionais no desenvolvemento da súa actividade, considera fundamental estender as medidas de prevención e de protección fronte a estes actos de violencia a todo o Sistema sanitario de Galicia, con independencia da titularidade pública ou privada do centro de prestación de servizos, así como a todas as e a todos os profesionais que realizan a actividade sanitaria de carácter asistencial ou calquera outra que, sen ser estritamente asistencial, garde relación con esta actividade, como o transporte sanitario, entre outras. Igualmente, prevese neste mesmo punto que a representación e a defensa, por parte das letradas e dos letrados da Xunta, do persoal sanitario que sufrise actos de violencia sanitaria, nos casos en que proceder, rexerase polo disposto na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

Modifícase tamén o artigo 15 do capítulo III do título I para reflectir, dentro dos deberes da cidadanía, ademais do deber xenérico de respecto ao persoal que presta os seus servizos no Sistema de saúde de Galicia, o deber de respecto da súa honra e do seu prestixio profesional. En correlación con ese deber, establécese o seu incumprimento como infracción sanitaria. Tamén se fai referencia á importancia da relación de confianza que debe existir entre o persoal sanitario que desenvolve funcións asistenciais e os pacientes e as pacientes e o modo en que certas condutas, como a gravación e a difusión a terceiros do contido desa relación, sen o consentimento ou mesmo contra a vontade expresa do profesional ou da profesional, poden ter consecuencias para ambas as partes, tanto desde o punto de vista deontolóxico como administrativo.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Engádese un artigo 39 *ter*, que fai referencia expresa e regula as implicacións e as consecuencias que, para os procedementos e as actuacións administrativas, terá a concorrencia destas respecto das actuacións iniciadas polos mesmos feitos na vía penal.

Por outra banda, modifícase o capítulo IV do título II, relativo ás infraccións e ás sancións. A redacción actual da lei trata conxuntamente condutas que deben ter distinto tratamento, como son a coacción ou a ameaza, que teñen o mesmo tratamento que a agresión ou calquera forma de violencia exercida sobre os profesionais ou as profesionais no exercicio das súas funcións. Para tal efecto, dáse un carácter diferenciado ás infraccións cometidas na materia de violencia no ámbito sanitario e, para este fin, recóllense diferentes condutas que son tipificadas como infracción leve, grave e moi grave, segundo o caso, cun artigo con entidade propia para cada un dos tipos e unha gradación das sancións en función da gravidade dos feitos.

Así, a modificación pretende dar un tratamento específico e diferenciado para as agresións e as demais actitudes violentas, de forma que se individualicen, se tipifiquen e se sancionen en función da súa gravidade, coa posibilidade de adoptar sancións accesorias e medidas provisionais específicas máis acaídas para este tipo de infraccións. Alén diso e consonte o preceptuado no artigo 28.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, prevese tamén, de xeito expreso, a posibilidade de que o órgano ao cal corresponda o exercicio da potestade sancionadora exixa á persoa infractora a reposición da situación alterada ao seu estado orixinal, ademais da indemnización correspondente polos danos e perdas causados. Isto traducirase, nestes casos, na obriga de se facer cargo dos gastos de asistencia sanitaria da vítima e, se for o caso, dos danos causados pola súa conduta infractora no mobiliario, nas instalacións ou no equipamento do centro sanitario, ou nas pertenzas ou efectos persoais da vítima.

Así mesmo, modifícase o capítulo X do título II, referido ao contrato de servizos sanitarios, para incorporar no punto 6 do artigo 74 a posibilidade de que o empregador ou a empregadora exixa a subscrición dun seguro que garanta a defensa xurídica e o resarcimento dos danos derivados dos actos de violencia sufridos polo persoal que presta servizos para o Sistema público de saúde de Galicia, a través dun contrato de servizos sanitarios, así como de que se dispoña dun plan de prevención e de formación na materia de violencia no ámbito sanitario, en termos equivalentes aos exixidos para o Servizo Galego de Saúde.

Tamén se aborda a modificación dos capítulos III, «Selección, provisión e promoción interna», e VI, «Saúde laboral», do título VIII, para garantir a mobilidade do persoal vítima de violencia no ámbito sanitario, ben como para introducir a figura do Plan de prevención contra a violencia no ámbito sanitario. Este plan efectuará unha avaliación integral previa do risco de danos por violencia en función de factores relevantes en cada centro, de cara a adoptar as medidas específicas que for preciso implantar, e obrigará a facilitar formación e información na materia.

Engádese un novo parágrafo ao artigo 119, «Saúde laboral», que recolle a posta á disposición do persoal vítima dun acto de violencia dos servizos específicos encargados de prestaren o apoio psicolóxico, que en cada caso se precise, e tamén de tramitaren as denuncias que se puideren presentar. Tamén se lle facilitará o asesoramento, a través da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, sobre as accións e as denuncias que cómpre interpor.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Engádese un artigo 119 *bis*, relativo ao Plan galego de prevención contra a violencia no ámbito sanitario, como un instrumento para garantir o dereito de todos os e de todas as profesionais a recibiren a asistencia e a protección das administracións públicas e dos servizos de saúde no exercicio da súa profesión ou no desempeño das súas funcións, de conformidade co previsto no artigo 17.h) da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, e que será aplicable en todos os centros asistenciais do Sistema público de saúde de Galicia e nos seus entes instrumentais vinculados.

Alén diso, prevese a creación dun rexistro galego de actos de violencia externa no ámbito sanitario, no cal se inscribirán e se rexistrarán todos os actos de violencia que foren sancionados. Para este efecto, engádese un artigo 119 *ter* en que se crea este rexistro.

Por outra banda, modifícase o capítulo I do título IX, «Docencia e formación», para os efectos de introducir medidas de formación específica para o persoal do Sistema público de saúde de Galicia, semellantes ás xa existentes sobre coñecementos e habilidades sanitarias e igualdade —previstas xa no punto 3 do artigo 125 da lei— e que teñan por obxecto situacións de emerxencia provocadas por pacientes con condutas violentas, a abordaxe de condutas desafiantes para o manexo de situacións, así como para coñecer os mecanismos e as técnicas de autocontrol ante agresións físicas e as técnicas de pausado e de control da situación. Para este fin, engádese un artigo 125 *bis*, relativo á implantación de medidas específicas de formación e de capacitación na materia de prevención da violencia no ámbito sanitario.

Completan o texto unha disposición adicional, referida á realización de campañas de sensibilización social; unha disposición derrogatoria; unha disposición transitoria para o mantemento da vixencia das medidas de prevención adoptadas; e dúas disposicións derradeiras, relativas ao desenvolvemento regulamentario e á entrada en vigor.

Artigo único. *Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese o punto 23 ao artigo 3, que terá a seguinte redacción:

«23. Violencia no ámbito sanitario: a violencia física, psíquica, verbal ou dixital, exercida por pacientes, familiares ou acompañantes contra as profesionais e os profesionais do ámbito sanitario, durante o exercicio das súas funcións ou con ocasión delas.

Para estes efectos, terá a condición de profesional do ámbito sanitario aquela persoa que realiza unha actividade sanitaria de carácter asistencial, de administración, de admisión, de traslado de pacientes, así como calquera outra que, sen ser estritamente asistencial, garde relación con esta actividade, en centros sanitarios, no domicilio da persoa usuaria, nos dispositivos de transporte sanitario ou de atención sanitaria urxente, así como o persoal con funcións de inspección de servizos sanitarios.

A representación e a defensa, por parte das letradas e dos letrados da Xunta, do persoal sanitario que sufrise actos de violencia sanitaria consonte o disposto nesta lei, nos casos en que proceder,

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

axustarase ao disposto na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.».

Dous. O punto 2 do artigo 15 queda redactado como segue:

«2. Manter o debido respecto ao persoal que presta os seus servizos no Sistema de Saúde de Galicia, así como á súa honra e ao seu prestixio profesional, absténdose de realizar actos que puideren supor unha lesión ou un menoscabo da súa seguridade e integridade física e moral ou da relación de confianza no desempeño das súas funcións. Para estes efectos, a gravación, sen o consentimento ou coa oposición expresa dos profesionais ou das profesionais que desenvolvan as súas funcións asistenciais, ben como a difusión das gravacións efectuadas durante a actuación profesional, entenderanse como unha quebra da relación de confianza, de forma que o persoal atinxido poderá suspender a asistencia, deixando constancia diso na historia clínica. En calquera caso, quedará garantida a atención sanitaria da persoa usuaria.».

Tres. Engádese un punto 3 ao artigo 39 *bis*, que terá a seguinte redacción:

«3. Con independencia das sancións que lles foren impostas, os suxeitos responsables da comisión de infraccións en materia de violencia no ámbito sanitario están obrigados a repor as cousas ao seu estado anterior. Nestes casos, o órgano ao cal corresponda o exercicio da potestade sancionadora exixiralles o aboamento dos gastos de asistencia sanitaria da vítima, así como os que cubriren a reparación dos danos causados pola súa conduta infractora no mobiliario, nas instalacións ou no equipamento do centro sanitario, e igualmente a reparación dos danos materiais causados nas pertenzas ou nos efectos persoais da vítima.».

Catro. Engádese un artigo 39 *ter*, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 39 *ter*. *Concorrencia co proceso penal*

1. Se a persoa instrutora, en calquera momento do procedemento, considerar que os feitos sobre os que instrúe puideren ser constitutivos de ilícito penal, porao en coñecemento do órgano competente para resolver, o cal, se estima razoable a consideración da persoa instrutora, porá estes feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal, solicitándolle o testemuño sobre as actuacións practicadas respecto da comunicación.

Igualmente, solicitarase ao Ministerio Fiscal a comunicación sobre as actuacións practicadas cando se tiver coñecemento de que se está a seguir un proceso penal sobre os feitos aos cales se refire o procedemento administrativo. Será solicitada a mesma comunicación cando o proceso penal se siga sobre os feitos que foren resultado ou consecuencia dos feitos a que se refire o procedemento administrativo.

2. Nos casos previstos no punto 1, cando, para a resolución do procedemento, for indispensable a obtención do pronunciamento previo do órgano xurisdicional penal, o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento e para notificar a resolución poderase suspender desde o momento no cal se solicite ao Ministerio Fiscal o testemuño sobre as actuacións practicadas, o que se notificará ás persoas interesadas, ata que a Administración tiver constancia do arquivo por parte

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do Ministerio Fiscal ou do pronunciamento que corresponda do órgano xurisdicional competente, o que tamén lles será notificado. En calquera caso, tras recibir a comunicación do Ministerio Fiscal que confirme a existencia de actuacións ante a xurisdición penal, o órgano competente para resolver o procedemento sancionador acordará a súa suspensión ata que recaia unha resolución xudicial firme.

3. A suspensión do procedemento administrativo sancionador non impide o mantemento das medidas cautelares adoptadas, sempre que sexan compatibles coas acordadas no proceso penal. Non se entenderán compatibles se as medidas cautelares penais son suficientes para conseguir os obxectivos cautelares considerados no procedemento administrativo sancionador.

O acto polo cal se manteñan ou se adopten as medidas cautelares deberá ser comunicado ao Ministerio Fiscal.

4. En calquera caso, os feitos declarados probados pola resolución xudicial penal firme vincularán os órganos administrativos respecto dos procedementos sancionadores que se tramiten.

A Administración revisará de oficio as resolucións administrativas fundadas en feitos contraditorios cos declarados probados na resolución penal, de acordo coas normas que regulan os procedementos de revisión de oficio.».

Cinco. Engádese un artigo 41 *ter*, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 41 *ter*. *Infraccións leves en materia de violencia no ámbito sanitario.*

Tipifícanse como infraccións leves en materia de violencia no ámbito sanitario as seguintes:

a) A falta de respecto ou o insulto ás autoridades sanitarias e aos seus axentes e ás profesionais ou aos profesionais a que se refire o segundo parágrafo do punto 23 do artigo 3, ben como a quebra da relación de confianza durante o exercicio das súas funcións ou con ocasión destas, cando non constituíren unha infracción grave ou moi grave, sen prexuízo das consecuencias ou dos efectos procedentes desde o punto de vista penal e deontolóxico.

b) A realización de actos ou de condutas que alteren ou perturben o desenvolvemento normal da actividade asistencial ou o funcionamento ordinario dos centros sanitarios, cando non constituíren unha infracción grave ou moi grave.

c) A destrución, o menoscabo ou a deterioración das instalacións e equipamentos dos centros sanitarios ou dos medios de transporte sanitario, sempre que non afectaren o funcionamento ordinario do centro ou o desenvolvemento normal da actividade asistencial.».

Seis. Engádese un artigo 42 *ter*, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 42 *ter*. *Infraccións graves en materia de violencia no ámbito sanitario*

Tipifícanse como infraccións graves en materia de violencia no ámbito sanitario as seguintes:

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a) A resistencia, as ameazas, a coacción, o acoso dixital ou o ciberacoso, o acoso psicolóxico e as represalias ás autoridades sanitarias ou aos seus axentes e aos profesionais ou ás profesionais a que se refire o segundo parágrafo do punto 23 do artigo 3, durante o exercicio das súas funcións ou con ocasión destas.

b) A destrución, o menoscabo ou a deterioración das instalacións e equipamentos dos centros sanitarios ou dos medios de transporte sanitario, sempre que afectaren o seu funcionamento normal.

c) Calquera outra forma de presión exercida contra as autoridades sanitarias e contra as profesionais e os profesionais aos cales se refire o segundo parágrafo do punto 23 do artigo 3, cando non constituír unha infracción moi grave.

d) A reincidencia pola comisión de máis dunha infracción leve no termo dun ano.»

Sete. Engádese un artigo 43 *ter*, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 43 *ter*. *Infraccións moi graves en materia de violencia no ámbito sanitario*

Tipifícanse como infraccións moi graves en materia de violencia no ámbito sanitario as seguintes:

a) A agresión física ás autoridades sanitarias ou aos seus axentes e aos profesionais ou ás profesionais a que se refire o segundo parágrafo do punto 23 do artigo 3, durante o exercicio das súas funcións ou con ocasión destas.

b) A reincidencia na comisión de infraccións graves nos últimos cinco anos.».

Oito. Engádese un artigo 44 *ter*, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 44 *ter*. *Sancións en materia de violencia no ámbito sanitario*

1. As infraccións en materia de violencia no ámbito sanitario serán sancionadas gardando a adecuación debida entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, e establecerase unha gradación desta en grao mínimo, medio e máximo para cada nivel de cualificación. Para determinar a sanción que se vaia impor, dentro de cada un destes graos, deberase atender os criterios establecidos no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como o incumprimento das advertencias previas, o número de persoas postas en risco ou afectadas, especialmente se se trata de colectivos vulnerables, e a gravidade da alteración sanitaria producida.

2. As infraccións tipificadas nos artigos 41 *ter*, 42 *ter* e 43 *ter* serán sancionadas con multas, conforme a gradación seguinte:

a) Infraccións leves:

1º. Grao mínimo: de 300 a 500 euros.
2º. Grao medio: de 501 a 1.000 euros.
3º. Grao máximo: de 1.001 a 1.500 euros.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

b) Infraccións graves:

1º. Grao mínimo: de 1.501 a 2.000 euros.
2º. Grao medio: de 2.001 a 2.500 euros.
3º. Grao máximo: de 2.501 a 3.000 euros.

c) Infraccións moi graves:

1º. Grao mínimo: de 3.001 a 7.000 euros.
2º. Grao medio: de 7.001 a 12.000 euros.
3º. Grao máximo: de 12.001 a 15.000 euros.

3. A autoridade competente para resolver o expediente poderá acordar, igualmente, como sancións accesorias nos supostos de infracción grave ou moi grave cometida no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia, a asignación doutra profesional ou doutro profesional sanitario distinto á persoa infractora e/ou a súa adscrición a un centro sanitario diferente da mesma localidade, por un prazo non superior a cinco anos.».

Nove. Engádese un artigo 45 *ter*, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 45 *ter*. *Competencia para sancionar as infraccións en materia de violencia no ámbito sanitario*

Os órganos autonómicos competentes para o exercicio da potestade sancionadora pola comisión de infraccións en materia de violencia no ámbito sanitario tipificadas nesta lei son:

a) A persoa titular da dirección territorial da consellaría competente en materia de sanidade que corresponder en razón do ámbito territorial da comisión da infracción, cando se trate de infraccións leves.

b) A persoa titular da secretaría xeral técnica da consellaría competente en materia de sanidade, cando se trate de infraccións graves.

c) A persoa titular da consellaría competente en materia de sanidade, cando se trate de infraccións moi graves.».

Dez. Modifícase o punto 2 do artigo 46 *ter*, que queda redactado como segue:

«2. As medidas provisionais deberán ser proporcionadas á natureza e á gravidade das infraccións cometidas e poderán consistir nalgunha das previstas no artigo 46 ou en calquera outra que asegure a eficacia da resolución que se poida ditar.

No suposto de poderen constituír infraccións graves ou moi graves en materia de violencia no ámbito sanitario, poderase asignar outro ou outra profesional sanitaria distinta á persoa infractora e/ou a súa adscrición a un centro sanitario diferente da mesma localidade.

Non se poderán adoptar medidas provisionais que puideren causar un prexuízo de difícil ou imposible reparación ás persoas interesadas ou que implicaren unha violación de dereitos amparados polas leis.».

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Once. Modifícase o punto 6 do artigo 74, que queda redactado como segue:

«6. Os servizos e as actividades sanitarias ou asistenciais que o Sistema Público de Saúde de Galicia contrate co sector privado de asistencia sanitaria terán que axustarse aos mesmos parámetros, estándares, dereitos ou criterios de actuación exixibles para os do propio Sistema Público de Saúde de Galicia. Para tal efecto, os pregos de licitación incorporarán a obriga para a empresa contratista de dispor dun plan de prevención e de formación en materia de violencia no ámbito sanitario, en termos equivalentes aos exixidos para o Servizo Galego de Saúde.

Así mesmo, a Administración poderá exixir ao empregador ou á empregadora a subscrición dun seguro que garanta ao persoal vítima dun acto de violencia no ámbito sanitario a cobertura da asistencia xurídica e o resarcimento económico dos prexuízos derivados daquel.».

Doce. Modifícase o punto 10 do artigo 115, que queda redactado como segue:

«10. A Administración establecerá medidas de mobilidade do persoal tendentes á protección das vítimas de violencia de xénero e de violencia no ámbito sanitario e a favorecer a conciliación da vida persoal e familiar e á protección da saúde laboral. Para este efecto, poderanse subscribir convenios de colaboración con outras administracións públicas.».

Trece. Modifícase o artigo 119, que queda redactado como segue:

«Artigo 119. *Saúde laboral*

A Administración sanitaria, no marco da lexislación xeral en materia de saúde laboral e de prevención de riscos laborais, adoptará as medidas oportunas para protexer a saúde dos traballadores e das traballadoras do sector sanitario público, a través de órganos dedicados en exclusiva a esta función. Estableceranse medidas de coordinación que obriguen a participar as unidades dos centros e os órganos cando, por razón da materia, tiver relevancia a súa cooperación na protección da saúde laboral e na prevención de riscos laborais no sector.

O Servizo Galego de Saúde porá á disposición do persoal vítima dun acto de violencia no ámbito sanitario un servizo específico encargado de prestar o apoio psicolóxico que, en cada caso, se precisar. Tamén porá á disposición un servizo encargado de tramitar as denuncias que se puideren presentar con ocasión dun acto de violencia no ámbito sanitario.».

Catorce. Engádese un novo artigo 119 *bis*, que queda redactado como segue:

«Artigo 119 *bis*. *Plan galego de prevención contra a violencia no ámbito sanitario*

1. O Plan galego de prevención contra a violencia no ámbito sanitario constitúe o instrumento para garantir o dereito de todos e de todas as profesionais a recibiren asistencia e protección das administracións públicas e dos servizos de saúde no exercicio da súa profesión ou no desempeño das súas funcións, de conformidade co previsto no artigo 17.h) da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Plan será aplicable en todos os centros asistenciais do Sistema Público de Saúde de Galicia e nos seus entes instrumentais vinculados.

2. O Plan será elaborado polo órgano directivo do Servizo Galego de Saúde con competencias en materia de saúde laboral e deberá ser obxecto de negociación na mesa de negociación colectiva correspondente.».

3. O Plan galego de prevención contra a violencia no ámbito sanitario terá o seguinte contido mínimo:

a) As medidas de prevención, nas cales se incluirán, como mínimo, as seguintes:

1º. As actuacións dirixidas ás persoas usuarias do Sistema Público de Saúde de Galicia.
2º. As condicións de seguridade dos lugares de traballo. Para este efecto, a avaliación de riscos dos postos de traballo deberá conter a valoración do risco de violencia.
3º. As medidas de formación e de capacitación do persoal.
4º. As medidas organizativas encamiñadas a evitaren as situacións de violencia no ámbito sanitario e a atenuaren os seus efectos.

b) O procedemento de actuación fronte a unha agresión.

c) As accións dirixidas contra a persoa agresora.

d) O plan de comunicación.

e) A avaliación e o seguimento. Incorporarase obrigatoriamente un informe anual en que se recollan os datos relativos ás agresións producidas, coa súa cualificación correspondente como leves, graves ou moi graves, en relación cos actos asistenciais realizados, co obxecto de permitir a análise non só da súa evolución absoluta, senón tamén da súa evolución relativa.

4. O Plan galego de prevención contra a violencia no ámbito sanitario garantirá, de maneira específica, a protección do persoal do ámbito sanitario que, por razón de sexo ou polas súas características persoais, físicas ou pola situación de discapacidade, for especialmente propicio a sufrir un acto de violencia.

Tamén adoptará as medidas específicas en beneficio daquel persoal traballador, que, por razón das súas condicións de traballo ou do servizo ou unidade a que se atope adscrito, estiver exposto a un maior risco de sufrir un dano por violencia no ámbito sanitario.

5. O Plan será aprobado polo Consello da Xunta, por proposta da consellaría competente en materia de sanidade e producirá efectos a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.* Igualmente, será tamén obxecto de publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

6. O Plan será revisado anualmente, de acordo cos datos e coas evidencias recollidas no seu seguimento e aplicación.».

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Quince. Engádese un novo artigo 119 *ter*, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 119 *ter*. *Rexistro galego de actos de violencia externa no ámbito sanitario*

1. Créase o Rexistro galego de actos de violencia externa no ámbito sanitario no cal o órgano competente para sancionar inscribirá e rexistrará todos os actos de violencia que foren sancionados.

2. A información que nel se conteña non terá carácter público e unicamente será utilizada polos órganos competentes para as finalidades previstas no campo da prevención e da protección da violencia no ámbito sanitario.

3. O Rexistro será único para todo o Sistema de Saúde de Galicia e permitirá obter información desagregada dos seus indicadores por sexo e categoría profesional. Regulamentariamente determinaranse o seu funcionamento e o seu órgano de adscrición.

4. O Rexistro poderá ser empregado con fins estatísticos, de acordo coa Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia.».

Dezaseis. Engádese un novo artigo 125 *bis*, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 125 *bis*. *Medidas de formación e de capacitación en materia de prevención da violencia no ámbito sanitario*

1. Conforme o previsto no punto 3 do artigo 119 *bis*, o Plan galego de prevención contra a violencia no ámbito sanitario conterá medidas de formación e de capacitación do persoal, como un elemento preventivo que facilite ao persoal o manexo de recursos e de habilidades para enfrontar aquelas situacións de violencia que se suscitaren con ocasión do seu exercicio profesional.

2. Para ese efecto, corresponde á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde a xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia, consonte o artigo 2 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

3. Para ese efecto, as medidas de formación e de capacitación incluirán, no mínimo, os seguintes aspectos:

a) A elaboración e a actualización do material informativo dirixido a profesionais, sobre as recomendacións e as pautas de actuación ante situacións conflitivas e agresións.

b) A organización de actividades e de iniciativas específicas de formación en liña sobre a prevención de agresións, dirixidas a todo o persoal empregado público da saúde do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como sobre técnicas para o manexo de situacións conflitivas e verbo dos procedementos para o apoio, o asesoramento e a asistencia á persoa agredida.

c) A elaboración de material audiovisual sobre a xestión de situacións conflitivas.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d) A realización de cursos e de obradoiros prácticos nos centros de traballo, dando prioridade a servizos, a unidades, a centros ou a grupos profesionais de maior risco, sobre as habilidades comunicativas, a xestión de situacións conflitivas e o control de pacientes agresivos. Estes cursos incluiranse anualmente na programación anual das actividades preventivas do Servizo Galego de Saúde.

e) A realización de actividades formativas conxuntas con interlocutores policiais e sanitarios.

f) A inclusión de recomendacións, de guías e/ou de protocolos de actuación ante agresións en todas as actividades formativas xerais de prevención de riscos laborais e nas xornadas de acollemento de novas incorporacións. Igualmente, incluirase esta materia nos cursos de xestión da prevención dirixidos a mandos intermedios e a persoal directivo.

4. As persoas que accedan á condición de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, logo de superaren un proceso selectivo, deberán realizar, con carácter obrigatorio, dentro dos seis meses posteriores á toma de posesión do destino adxudicado, unha actividade formativa básica sobre as medidas preventivas e a protección contra a violencia no ámbito sanitario, que organizará a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

5. A formación en materia de violencia no ámbito sanitario computará como mérito nos procesos de selección e de provisión de prazas que convoque o Sistema Público de Saúde de Galicia, ben como para o acceso aos distintos graos da carreira profesional.».

Disposición adicional única. *Campañas de sensibilización social*

1. A consellaría competente na materia de sanidade realizará campañas dirixidas á poboación xeral, co fin de aumentar a sensibilización e o respecto ao papel das profesionais e dos profesionais a que se refire o punto 23 do artigo 3.

2. As campañas de sensibilización social terán un carácter continuado.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derrogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opuxeren ao disposto nesta lei.

Disposición transitoria única. *Vixencia das medidas de prevención adoptadas*

As medidas de prevención contra a violencia no ámbito sanitario vixentes á entrada en vigor desta lei manteranse transitoriamente ata a implantación das medidas adoptadas ao abeiro desta lei.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario*

Autorízase o Consello da Xunta para aprobar os regulamentos que foren necesarios para aplicar e desenvolver esta lei.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2026
María Encarnación Amigo Díaz
María Montserrat Prado Cores
María Elena Espinosa Mangana
Armando Ojea Bouzo

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de febreiro de 2026, adoptou os seguintes acordos:

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

**Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación**

- 51600 (12/POC-008289)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre os danos provocados no sector marisqueiro da ría de Arousa pola recente sucesión de temporais e as medidas que prevé poñer en marcha o Goberno galego para afrontar as súas repercusións actuais e nos vindeiros anos
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

- 50638 (12/POC-008123)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á dotación do concello da Estrada dunha residencia pública de maiores
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50643 (12/POC-008124)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Conde, Ángel e 9 máis
Sobre o estado das obras do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Padrón para reducir o risco de inundacións provocadas polo río Sar e a posible necesidade de estender estas actuacións a outros puntos da contorna
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50651 (12/POC-008126)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os danos provocados polos temporais na cuberta do CIFP Anxel Casal, da Coruña, as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia e as medidas que está a tomar para evitar a súa reiteración
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50668 (12/POC-008128)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis
Sobre o desenvolvemento do artigo 49 da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e a elaboración do mapa anual de riscos e impactos asociados aos incendios
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 50673 (12/POC-008129)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis
Sobre a postura do Goberno galego verbo dunha posible revisión do modelo de xestión e desenvolvemento do solo empresarial en Galicia e as súas previsións ante diversos aspectos relativos a esta materia
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 50683 (12/POC-008131)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 4 máis
Sobre a organización das gardas de farmacias e a eventual modificación da Lei de ordenación farmacéutica de Galicia para garantilas nas localidades onde hai puntos de atención continuada ou unidades de urxencias hospitalarias
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50770 (12/POC-008132)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 2 máis
Sobre a reclamación veciñal no lugar de Brenlla, en Coristanco, ante a localización dunha antena de telefonía móbil e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ante estas demandas
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 50776 (12/POC-008133)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Fernández Gómez, Alexandra
Sobre as demandas das persoas propietarias que residen en Monte Mero, A Coruña, afectadas polo proxecto de interese autonómico (PIA) para a construción de vivendas e urbanización do barrio
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50783 (12/POC-008134)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego das súas políticas de desenvolvemento do solo empresarial e as súas previsións en relación co impulso de novas estratexias
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 50795 (12/POC-008135)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á planificación da dotación de infraestruturas educativas en Galicia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50799 (12/POC-008136)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre os criterios empregados actualmente pola Xunta de Galicia para decidir as actuacións de rehabilitación nos centros educativos públicos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50803 (12/POC-008137)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a eventual existencia en mans da Xunta de Galicia dunha avaliación técnica actualizada do estado das infraestruturas dos centros educativos públicos galegos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50808 (12/POC-008138)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o número de centros educativos públicos que presentan actualmente necesidades de rehabilitación estrutural ou intervencións integrais e o investimento que se estima necesario para acometelas
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50812 (12/POC-008139)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe ao diálogo coas comunidades educativas para planificar a actualización das infraestruturas dos centros educativos públicos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50814 (12/POC-008140)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da eventual publicación dun rexistro actualizado e accesible das actuacións realizadas nas infraestruturas educativas desde 2009
Comisión 4ª, Educación e Cultura

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50823 (12/POC-008141)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre as necesidades do Xulgado de Ponteareas en canto a prazas xudiciais e persoal de apoio, así como sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia ao respecto
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 50827 (12/POC-008142)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e González Iglesias, Carmela
Sobre as necesidades de recursos humanos e económicos dos centros educativos do Porriño e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50838 (12/POC-008143)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre os efectos no sector do mar provocados pola sucesión de temporais, a avaliación que fai a Xunta de Galicia e as súas actuacións urxentes e a medio prazo previstas para afrontar as consecuencias
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50843 (12/POC-008144)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis
Sobre o grao de eficacia da planificación da Xunta en materia de inundacións á vista dos danos e incidencias provocados polos últimos episodios de chuvias e as previsións verbo da revisión do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50852 (12/POC-008145)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e González Iglesias, Carmela
Sobre as necesidades de recursos humanos e económicos dos centros educativos en Galicia e as previsións do Goberno galego ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50856 (12/POC-008146)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 3 máis
Sobre as necesidades de recursos humanos e económicos dos centros educativos da comarca de Vigo e as previsións do Goberno galego ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50865 (12/POC-008147)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as previsións respecto da avaliación do estado das instalacións educativas por parte da Xunta de Galicia para planificar as melloras, ampliacións ou obras de eficiencia enerxética que precisan
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50871 (12/POC-008148)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis
Sobre o balance do labor que levou a cabo o Servizo de Gardacostas de Galicia no ano 2025
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50873 (12/POC-008149)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis
Sobre o convenio específico asinado entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50875 (12/POC-008150)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cendán Gayoso, María Nazaret e 8 máis
Sobre o grao de execución financeira en Galicia do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50878 (12/POC-008151)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cendán Gayoso, María Nazaret e 7 máis
Sobre as conclusións extraídas do *Estudo e análise da internacionalización do sector mar-industria galego*, realizado polo Clúster Alimentario de Galicia
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50879 (12/POC-008152)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e González Iglesias, Carmela
Sobre as necesidades de recursos humanos e económicos dos centros educativos da comarca do Condado-A Paradanta e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50883 (12/POC-008153)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Cendán Gayoso, María Nazaret e 7 máis
Sobre a resposta do Ministerio de Pesca ás demandas do sector pesqueiro galego relativas ás especies máis afectadas na negociación dos TAC e das cotas para o ano 2026
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50889 (12/POC-008154)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Grueira Fernández, Nicole e 9 máis
Sobre os resultados da posta en marcha do Bono Emancípate e o investimento total previsto para a súa segunda convocatoria
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50892 (12/POC-008155)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis
Sobre as necesidades de recursos humanos e económicos dos centros educativos do concello de Mos e as previsións do Goberno galego ao respecto
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50895 (12/POC-008156)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis
Sobre as medidas concretas que está a adoptar a Xunta de Galicia para a implantación da Estratexia galega de enfermidades raras 2025-2030
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50901 (12/POC-008157)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis
Sobre o recente anuncio do Goberno de España dunha futura prestación universal por crianza de 200 euros mensuais
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50905 (12/POC-008158)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas de accesibilidade ao Complexo Hospitalario Universitario da Coruña
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50919 (12/POC-008159)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 3 máis
Sobre o mantemento do emprego e da actividade industrial vinculados ás concesións hidroeléctricas do río Xallas e a postura do Goberno galego respecto das actuacións da empresa Xeal
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 50924 (12/POC-008160)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Ríos Santomé, Paulo

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o estado en que están as instalacións e os exteriores da estación de autobuses da Pobra do Caramiñal e as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á súa rehabilitación e ao restablecemento dos seus servizos
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50930 (12/POC-008161)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 3 máis
Sobre a calidade do transporte marítimo na ría de Vigo e a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da súa posible conversión nun servizo de titularidade pública
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50936 (12/POC-008162)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 2 máis
Sobre as necesidades de reforzo do transporte por estrada no Morrazo cando as alertas meteorolóxicas imposibilitan o transporte de ría e as posibilidades de acadar a titularidade pública desta última modalidade de transporte
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50941 (12/POC-008163)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre a situación en que está o remo feminino, as valoracións do Goberno galego respecto da igualdade nesta modalidade deportiva e as medidas e propostas que está a impulsar a curto, medio e longo prazo ao respecto
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 50960 (12/POC-008166)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre a valoración e a postura do Goberno galego respecto da posibilidade e soterrar a liña de alta tensión entre Cornido e Navantia, no barrio ferrolán de Caranza, e as xestións e previsións da Xunta de Galicia ao respecto
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 50967 (12/POC-008167)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as conclusións do estudo derivado do convenio da Xunta de Galicia coas universidades galegas en relación coa incidencia do cambio climático na costa galega e a planificación prevista ao respecto
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50977 (12/POC-008168)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia decidiu suprimir a Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) e a data en que comunicou a decisión aos equipos responsables
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50981 (12/POC-008169)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a avaliación do labor da Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) durante o seu período de funcionamento
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50985 (12/POC-008170)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a avaliación do impacto da supresión da Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) e as eventuais alternativas
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50989 (12/POC-008171)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións orzamentarias da Xunta de Galicia respecto dunha eventual recuperación da Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) con carácter estable
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50993 (12/POC-008172)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de reactivar a Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia (Raogal) con fondos propios e, de ser o caso, a súa dotación, a cobertura territorial e o calendario
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50999 (12/POC-008173)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Pérez Fernández, Rosana
Sobre a recente aparición masiva de aves mariñas mortas en varias praias do litoral galego e a valoración e as actuacións da Xunta de Galicia ante esta situación
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 51005 (12/POC-008174)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre os danos causados polos últimos temporais na costa galega e as previsións do Goberno galego canto á súa avaliación e á posta en marcha dun programa de reparacións e dunha estratexia de prevención
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 51009 (12/POC-008175)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna e Prado Cores, María Montserrat
Sobre o estado do Centro de Saúde de Vila de Cruces e a inspección comprometida pola Xunta de Galicia co fin de valorar as eivas que presentan as súas instalacións
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 51019 (12/POC-008176)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre os criterios obxectivos empregados polo Goberno galego desde 2009 para determinar as prioridades de intervención nas infraestruturas dos centros educativos públicos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 51023 (12/POC-008177)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á elaboración e presentación de informes verbo das obras realizadas nas infraestruturas dos centros educativos públicos desde o ano 2009
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 51027 (12/POC-008178)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións do Goberno galego verbo da eventual publicación periódica e accesible das obras realizadas nos centros educativos públicos desde o ano 2009
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 51031 (12/POC-008179)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia
Sobre o nivel de equilibrio territorial dos investimentos da Xunta de Galicia en infraestruturas educativas
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 51039 (12/POC-008180)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á materialización do compromiso do presidente da Xunta en canto á elaboración dunha nova lei de ciencia e innovación de Galicia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 51043 (12/POC-008181)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as previsións temporais da Xunta de Galicia para a presentación do novo proxecto de lei de ciencia e innovación de Galicia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 51047 (12/POC-008182)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre a dotación orzamentaria específica que prevé destinar o Goberno galego ao desenvolvemento e á execución da futura lei de ciencia e innovación de Galicia
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 51051 (12/POC-008183)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 2 máis
Sobre as eventuais negociacións co sector científico e innovador galego para garantir o consenso na nova lei de ciencia e innovación de Galicia e as súas previsións sobre a estabilidade laboral do persoal investigador
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 51056 (12/POC-008184)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis
Sobre a rescisión do contrato entre o Goberno de Uruguai e o estaleiro Cardama, de Vigo, e as medidas previstas polo Goberno galego para a defensa da actividade da construción naval, especialmente na devandita cidade
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 51063 (12/POC-008185)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a xestión dos materiais procedentes da dragaxe do porto e da canle do río Lérez e a viabilidade do seu tratamento en terra
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 51072 (12/POC-008186)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no referido á limpeza dos regos de Cambelas e Os Pasales, en Padrón, para evitar asolagamentos nos episodios de chuvias persistentes e intensas
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 51076 (12/POC-008187)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a eventual existencia de estudos actualizados da capacidade hidráulica do treito do río Sar entre Estramundi e Pazos, en Padrón, e a valoración da Xunta de Galicia respecto da limpeza en profundidade do río Sar
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 51080 (12/POC-008188)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre o orzamento previsto pola Xunta de Galicia para a limpeza dos regos de Cambelas e Os Pasales, en Padrón
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

# 3. Administración do Parlamento de Galicia

## 3.2. Recursos humanos

**Resolución da Presidencia do Parlamento, do 25 de febreiro de 2025, pola que se aproba e se fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para ingresar, por promoción interna e mediante concurso-oposición, nunha praza do corpo de letradas e letrados**

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 29 de decembro de 2025 convocouse o proceso selectivo para a provisión, por promoción interna e mediante concurso-oposición, unha praza do corpo de letradas e letrados, e aprobáronse as bases que o rexen.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas todas elas coa documentación achegada, ao abeiro do establecido na base cuarta da referida convocatoria,

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación provisional das persoas admitidas, que se detalla como anexo I, por reuniren os requisitos exixidos na convocatoria.

2º. Declarar excluídas provisionalmente, polos motivos que se indican, as persoas que se relacionan no anexo II.

As persoas aspirantes excluídas provisionalmente dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motiva a exclusión.

As persoas que, no prazo sinalado, non reparen a causa de exclusión ou aleguen a omisión serán definitivamente excluídas da participación no proceso selectivo.

4º. Ordenar a publicación desta Resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2026
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO I. RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS

| NUM. | APELIDOS | NOME | NIF |
|---|---|---|---|
| 1. | COSTOYA PARDO | CAROLINA | ***9592** |
| 2, | GONZÁLEZ ALONSO | DAVID | ***5631** |

ANEXO II. RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS

Non hai.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 18:22:56
Nº Rexistro: 51600
Data envio: 23/02/2026 18:22:56.066

Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 23/02/2
18:21
Por Carmela Gonzále
Por Óscar Insua Lema
Asinado o día 23/02/2026 ás
18:21
Por Rosana Pérez Fernández
Asinado o día 23/02/2026 ás
18:21
Por María Montserrat Prado Cores

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores, Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias**, **Daniel Castro García, Oscar Insua Lema e Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª polo trámite de urxencia**, sobre a afectación dos temporais no marisqueo da ría de Arousa.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que se trate esta problemática no Parlamento canto antes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días mergulladores e o sector do marisqueo principalmente da Illa de Arousa, mais tamén do resto da ría de Arousa, Cambados, Vilanova, Vilaxoán e Carril, daban a voz de alarma diante da situación catastrófica dos bancos.

Describen como cemiterio de navallas e longueiróns o que se están atopando, centos de quilos de produto morto. Situación similar é a do marisqueo e das algas.

As confrarías están avaliando en miles de euros as perdas, as empregadas na rexeneración, xa non no presente senón de cara aos vindeiros anos, cunhas repercusións moi negativas no emprego no sector extractivo e no das propias confrarías.



CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A orixe do problema está na baixada da salinidade da auga motivada polas abundantes choivas máis tamén sospeitan da apertura de encores, especialmente Portodemouros, dado que en pouco máis de dúas horas a salinidade baixou de 20 a 0.

O Partido na Xunta de Galiza ten que deixar a súa pasividade e poñerse do lado do sector dunha vez por todas; está en xogo o medio de vida de miles de familias da comarca do Salnés.

Por todo o exposto anteriormente, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª polo trámite de urxencia:

Coida que o sector do marisqueo pode seguir perdendo produtividade sen que a Xunta tome medidas urxentes, contundentes e con recursos?

Vai poñer a Xunta en marcha liñas de axudas directas e urxentes para os sectores afectados das confrarías afectadas, Cambados, Illa de Arousa, Vilanova, Vilaxoán, Carril...?

Ten analizado as medidas a tomar para que esta situación de crise, que vai levar a que unha parte importante do sector quede sen actividade, non signifique perda de PERMEX?

Vai realizar de inmediato un estudo do impacto nos bancos das confrarías do sur da ría de Arousa; Cambados, Illa de Arousa, Vilanova, Vilaxoán, Carril...

A que agarda a Xunta para aprobar un protocolo de baleirado dos encoros para minimizar a baixada da salinidade e que non se produza a tremenda afectación aos bancos marisqueiros.



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón de non ter contratado un seguro colectivo de mal tempo, para cubrir as perdas en situacións como a actual?

Non coida que é esencial por en marcha sementeiras para a produción de cría de bivalvos e poder repoñer o marisco sen que supoña miles de euros para as agrupacións nin importar masivamente cría?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2026 18:22:56
Nº Rexistro: 51600
Data envío: 23/02/2026 18:22:56.066

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/02/2026 18:21:37

Rosana Pérez Fernández na data 23/02/2026 18:21:43

Carmela González Iglesias na data 23/02/2026 18:21:51

Daniel Castro García na data 23/02/2026 18:21:56

Óscar Insua Lema na data 23/02/2026 18:22:02

Paulo Ríos Santomé na data 23/02/2026 18:22:10

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/02/2026 18:22:56

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 10:54:21
Nº Rexistro: 50638
Data envio: 13/02/2026 10:54:21.481

Asinado o día 13/02/2
10:51
Por Silvia Longueira C

# Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª.**

O pasado 7 de agosto de 2025, o Pleno do Concello da Estrada aprobou por unanimidade unha moción conxunta de todos os grupos políticos con representación municipal, instando a Xunta de Galicia á construción dunha residencia pública de maiores no municipio. A iniciativa, promovida inicialmente polo Grupo Socialista e asumida polo conxunto da corporación, evidencia a existencia dunha demanda social urxente e amplamente compartida.

Asinado o día 13/02/2026 ás
10:51
Por Elena Espinosa Mangana

A Estrada presenta unha taxa de 2,7 prazas residenciais por cada 100 persoas maiores de 65 anos, cifra claramente insuficiente e moi por debaixo do mínimo recomendado pola Organización Mundial da Saúde, establecido en 5 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos. A única residencia existente con prazas concertadas conta con arredor de 40 camas, número que resulta claramente insuficiente para dar resposta ás necesidades dunha poboación envellecida e en constante crecemento.

Galicia é unha das comunidades máis envellecidas de Europa. Esta realidade demográfica require unha planificación seria, responsable e con visión de futuro por parte da Xunta de Galicia, especialmente no ámbito da atención á dependencia e aos coidados de longa duración. O fortalecemento da rede pública de residencias é unha cuestión de xustiza social, de igualdade territorial e de garantía de dereitos.

Asinado o día 13/02/2026 ás
10:50
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 10:54:21
Nº Rexistro: 50638
Data envío: 13/02/2026 10:54:21.481

PSG de PSOE

Non é aceptable que existan concellos galegos sen recursos residenciais públicos suficientes, obrigando ás familias a desprazamentos, a asumir custes elevados ou a quedar en listas de agarda durante períodos prolongados. O acceso a unha praza pública non pode depender do código postal.

A unanimidade acadada no Concello da Estrada demostra que esta demanda transcende cores políticas e responde a unha necesidade obxectiva da veciñanza. Correspóndelle agora á Xunta de Galicia exercer as súas competencias e asumir a súa responsabilidade na planificación e execución das infraestruturas sociais necesarias.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Ten prevista a Xunta de Galicia a construción dunha residencia pública de maiores no Concello da Estrada?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 10:54:21
Nº Rexistro: 50638
Data envío: 13/02/2026 10:54:21.481

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 13/02/2026 10:50:52**

**Elena Espinosa Mangana na data 13/02/2026 10:51:12**

**Silvia Longueira Castro na data 13/02/2026 10:51:20**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 10:54:21
Nº Rexistro: 50638
Data envio: 13/02/2026 10:54:21.481

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 10:54:22**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 11:45:57
Nº Rexistro: 50643
Data envío: 13/02/2026 11:45:57.449

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 13/02/2 11:43 Por Roberto Rodrígue
Gayoso
Por José Luis Ferro Iglesias
Asinado o día 13/02/2026 ás 11:43 Por Gonzalo Trenor López
Asinado o día 13/02/2026 ás 11:43 Por Ángel Rodríguez Conde

**Á Mesa do Parlamento**

**Ángel Rodríguez Conde, Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández,,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

O Concello de Padrón afronta problemas crónicos de inundacións, especialmente debido ao desbordamento do río Sar, que afecta terreos, estradas e vivendas, con episodios recorrentes que se prolongan desde hai anos. As zonas máis vulnerables inclúen as próximas a ríos e puntos con problemas de drenaxe, o que require extrema precaución durante as alertas meteorolóxicas.

Historicamente, o centro da vila e as zonas circundantes sufriron graves inundacións, con precedentes notables que se remontan á década de 1960.

O Concello de Padrón ten unha zona declarada como Zona de Risco Potencial Significativo de Inundacións (ARPSI) denominada río Ulla-Sar.

Aínda que o concello sufriu inundacións históricas recorrentes, a súa inclusión formal no sistema ARPSI consolidouse a través de normativas derivadas da Directiva Europea de Inundacións, que esixían aos estados membros identificar estas zonas críticas.

A primeira Avaliación Preliminar de Risco de Inundacións (APRSI), que designou as ARPSI nas demarcacións hidrográficas de España, completouse e fíxose pública en decembro de 2011.

Xa no ano 2021 asínase un convenio de Colaboración entre a entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Padrón para reducir o risco de inundación na ARPSI dos ríos Ulla e Sar, co financiada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

A finais do ano 2023 asínase novamente unha addenda a este convenio que se asinara no ano 2021. Debido a complexidade dos proxectos construtivos das actuacións e á conveniencia de ter contactos con todas as partes implicadas tendo e conta as súas repercusións sociais e ambientais, a tramitación dos proxectos está a ser máis longa do inicialmente previsto.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 11:45:57
Nº Rexistro: 50643
Data envio: 13/02/2026 11:45:57.449



O proceso de planificación, unha vez declarada unha zona como área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI), leva consigo o posterior desenvolvemento de mapas de perigosidade e risco de inundación, para a súa incorporación ao plan de xestión de riscos de inundación da demarcación hidrográfica Galicia Costa, no que se determinan as medidas a realizar por cada unha das autoridades competentes de cara a minimizar os efectos negativos das enchentes.

Nas ARPSIS con maior risco, recóllese a necesidade de redactar un Plan Específico de Xestión do Risco de Inundación, no que se traballa a nivel de detalle na propia Área con Risco Potencial Significativo de Inundación para tratar de minimizar os riscos concretos da ARPSI, incrementar a calidade ambiental das contornas fluviais e recuperar a condición dos ríos como hábitats naturais, abordando todas as tipoloxías de medidas a adoitar por parte de cada unha das autoridades competentes.

No realizado nas ARPSI dos ríos Ulla e de Galicia plan de xestión específico Sar Augas contemplou varias opcións para realizar actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado as ditas ARPSI. As actuacións que se consideran  prioritarias, no ámbito territorial do concello de Padrón, son as seguintes:

- Mellora do espazo fluvial e a drenaxe do Río Sar no cruce coa estrada AC-301.
- Mellora do espazo fluvial e a drenaxe do Rego Avelenda ao seu paso por Iria Flavia.
- Protección da marxe dereita do río Ulla ao seu paso por Padrón.
- Mellora do espazo fluvial e a drenaxe do rego Tarrío no cruce co ferrocarril.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes, do  Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte pregunta:

1.- A día de hoxe como se encontra a execución das obras do convenio asinado pola Xunta de Galicia co Concello de Padrón para reducir o risco de inundación?.

2.- Pódese comprobar que tamén son necesarias distintas actuacións noutros punto do Río Sar a seu paso por Padrón como son Lamas, Cambelas. Que nos pode indicar sobre estes e outros puntos con respecto a actuacións no futuro?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 11:45:57
Nº Rexistro: 50643
Data envio: 13/02/2026 11:45:57.449

Asinado dixitalmente por:

Ángel Rodriguez Conde na data 13/02/2026 11:43:13
Gonzalo Trenor López na data 13/02/2026 11:43:19
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/02/2026 11:43:25
Carmen Pomar Tojo na data 13/02/2026 11:43:32
José Luis Ferro Iglesias na data 13/02/2026 11:43:42
María Nazaret Cendán Gayoso na data 13/02/2026 11:43:51
Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/02/2026 11:43:58
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/02/2026 11:44:09
Moisés Rodríguez Pérez na data 13/02/2026 11:44:20
Katherinie Varela Fernández na data 13/02/2026 11:44:26

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 11:45:57
**Nº Rexistro: 50643**
Data envio: 13/02/2026 11:45:57.449

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 11:45:58**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:05:27
Nº Rexistro: 50651
Data envio: 13/02/2026 13:05:27.643

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas** e **Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta actuar para evitar que a cuberta do CIFP Ánxel Casal volva comprometer a seguridade da comunidade educativa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sucesión de temporais non deixa de provocar estragos nas infraestruturas e nas vías de comunicación galegas ao longo deste inverno.

A Coruña non foi unha excepción. Sirvan como exemplo as incidencias que se produciron no CIFP Ánxel Casal.

En apenas 15 días o vento atemporalado tirou en dúas ocasións planchas do tellado deste centro educativo que mesmo levou a dirección do centro a tomar a decisión de suspender as aulas durante dous días.

Felizmente, esta incidencia non provocou danos persoais malia se producir no patio do centro en horario escolar.

Con todo, resulta sorprendente que en poucos días se repita a mesma situación e se volva pór en risco a comunidade educativa do CIFP Ánxel Casal, o que parece indicar que a Xunta non respondeu á primeira incidencia revisando a cuberta do centro e asegurándoo no que for preciso para velar pola seguridade.

Asinado o día 13/02/2026 ás 13:04
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 13/02/2026 ás 13:04
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:05:27
Nº Rexistro: 50651
Data envio: 13/02/2026 13:05:27.643

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Era coñecedora a Xunta da situación da cuberta do CIFP Ánxel Casal da Coruña?

- Visitou o goberno da Xunta o CIFP Ánxel Casal para se interesar polos danos provocados polo temporal o pasado 30 de xaneiro?

- Cando realizou esa visita ou visitas?

- Cal foi a diagnose da Xunta sobre os desperfectos provocados polo temporal?

- Que actuacións acometeu a Xunta para reparar a zona afectada e reforzar a seguridade da cuberta?

- Que razóns explican que en apenas 15 días se volva levantar parte da cuberta?

- Que medidas está a tomar a Xunta para evitar que este perigo volva comprometer a seguridade da comunidade educativa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:05:27
Nº Rexistro: 50651
Data envio: 13/02/2026 13:05:27.643

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 13/02/2026 13:04:35**

**Cristina Fernández Davila na data 13/02/2026 13:04:42**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:05:27
Nº Rexistro: 50651
Data envio: 13/02/2026 13:05:27.643

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 13:05:29**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50668
Data envio: 13/02/2026 14:13:41.507

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Valcárcel Armesto**, **Secundino Fernández Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa á elaboración e publicación do mapa anual de riscos e impactos dos incendios forestais previsto no artigo 49 da Lei 3/2007.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, establece no seu artigo 49 que, anualmente, unha vez rematada a época de perigo alto de incendios forestais, a Administración autonómica galega promoverá a elaboración dun mapa de riscos asociados aos incendios do último período, no que se concretarán as zonas sensibles á erosión, a afección sobre os cursos e recursos hídricos, forestais e pesqueiros e as infraestruturas.

Este precepto vincula expresamente a fase de restauración post-incendio coas políticas de solo, auga, montes, pesca fluvial e infraestruturas, e prevé que a Xunta promova medidas urxentes e de colaboración cos afectados para conservar os ecosistemas naturais, os recursos forestais, hídricos e do solo, rexenerar os terreos queimados e limitar aquelas actividades incompatíbeis coa recuperación da cuberta vexetal.

A mesma lei dispón que este mapa de riscos será elaborado por unha comisión de carácter interdepartamental na que estean representadas as diferentes consellarías con competencias nos sectores afectados polos incendios forestais, e que a súa creación, composición e réxime xurídico se determinarán regulamentariamente. Non obstante, a

Asinado o día 13/02/2026 ás 14:12
Por Luis Bará Torres
Asinado o día 13/02/2026 ás 14:12
Por Secundino Fernández Fernández
Asinado o día 13/02/2026 ás 14:12
Por Montserrat Valcárcel Armesto
CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50668
Data envío: 13/02/2026 14:13:41.507

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

día de hoxe non se coñece a existencia efectiva desta comisión como órgano operativo, nin se fai público cada ano un mapa integrado de riscos e impactos post-incendio que permita orientar de maneira transparente as decisións de restauración.

Cada ano elabórase o PLADIGA, Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, que fixa actividades de prevención, extinción e restauración post-incendio e incorpora análises de risco e ferramentas como os índices diarios de perigo. Porén, este instrumento operativo non substitúe o mandato específico do artigo 49 de contar cun mapa anual de riscos e impactos dos incendios ocorridos, que integre erosión, afección hidrolóxica, valores ecolóxicos afectados e vulnerabilidade de infraestruturas, nin garante a participación do conxunto de consellarías concernidas.

Nun contexto de incendios máis intensos e recorrentes, cunha crecente presión sobre os solos fráxiles, os cursos de auga e os espazos de alto valor ecolóxico, resulta imprescindíbel cumprir estritamente este mandato legal, reforzar a coordinación interdepartamental e dar transparencia aos criterios cos que se priorizan as actuacións de restauración, as limitacións de usos e, se é o caso, as declaracións de utilidade pública a efectos expropiatorios.

Diante disto, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Está creada e a comisión interdepartamental prevista no artigo 49 da Lei 3/2007 para a elaboración do mapa anual de riscos asociados aos incendios forestais? Se é así, cal é a súa composición actual?

2. En que anos, desde a entrada en vigor da Lei 3/2007, elaborou a Xunta de Galiza o mapa de riscos asociados aos incendios forestais do último período, segundo o artigo 49, e onde poden consultarse eses mapas?

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50668
Data envío: 13/02/2026 14:13:41.507

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que criterios utiliza a Xunta para priorizar as zonas de actuación urxente de restauración post-incendio, de protección hidrolóxica e de limitación de usos en función dos riscos identificados?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50668
Data envío: 13/02/2026 14:13:41.507

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/02/2026 14:12:04**

**Secundino Fernández Fernández na data 13/02/2026 14:12:18**

**Luis Bará Torres na data 13/02/2026 14:12:25**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50668
Data envio: 13/02/2026 14:13:41.507

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 14:13:42

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50673
Data envio: 13/02/2026 14:32:06.161

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 13/02/2
14:30
Por Alexandra Fernár

Asinado o día 13/02/2026 ás
14:30
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 13/02/2026 ás
14:29
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

## Á Mesa do Parlamento

**Brais Ruanova Vilas-Boas**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre un novo modelo de xestión e desenvolvemento do solo empresarial na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso a solo industrial é unha necesidade imperiosa para moitas empresas que queren botar a andar no noso país, máis nun contexto no que a demanda de chan industrial está a superar con moito a súa oferta nalgunhas zonas do país, como poden ser a comarca do Barbanza e o Baixo Miño.

Os datos oficiais do Censo de Solo Empresarial trasladan a existencia de 748 parcelas libres en todo o país, das que 334 teñen por promotora a Xestur e 412 a Suelo Empresarial del Atlántico (SEA), mais nas propias páxinas de Xestur e SEA os datos son distintos, ofertando 314 e 239 parcelas respectivamente.

Obviamente as discrepancias de datos entre as diferentes plataformas son só a punta de lanza dunha política en materia de chan industrial por parte do Partido Popular que leva sendo ineficiente durante moitos anos e para mostra a evolución lexislativa en materia de chan empresarial en Galiza, especialmente a Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais e a posterior Lei 3/2022 de áreas empresariais.

A Lei 5/2017 xa supuxera un primeiro paso problemático ao centrarse case exclusivamente na axilización da tramitación do chan sen abordar as cuestións de fondo como:

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A falta de diagnóstico sobre o chan empresarial existente.
- A ausencia de análise sobre a demanda real de chan por parte das empresa.
- A non consideración das causas da deslocalización industrial.

A Lei 3/2022 agravou este problema ao permitir mediante o seu artigo 31 a creación de "áreas empresariais estratéxicas" **fóra do Plan sectorial**, facilitando unha tramitación exprés que beneficia exclusivamente a grandes corporacións sen garantir que estas áreas respondan ás necesidades do noso modelo económico.

Esta lei representa unha oportunidade perdida para o noso país. No canto de articular un modelo territorial integrado que responda aos retos do século XXI, optouse por unha norma desreguladora que prioriza a axilización burocrática sobre a planificación estratéxica. O resultado é un marco normativo fragmentado que:

- **Desmantela a ordenación territorial** ao fragmentar as competencias entre tres consellerías (Medio Ambiente, Vivenda e Economía), eliminando a figura de Ordenación do Territorio e provocando un caos na xestión de Xestur.
- **Desvincula a promoción de solo empresarial das políticas industriais**, creando un modelo especulativo onde se xera solo sen garantía de actividade económica real. Os datos son elocuentes: máis de 156% de incremento de solo industrial na década 2000-2010 sen unha correlación proporcional coa creación de emprego de calidade.
- **Desregula mediante mecanismos opacos** como os Plans Estruturantes de ordenación do solo empresarial non previstos no Plan Sectorial (art. 31), que permiten a declaración arbitraria de "áreas estratéxicas" sen criterios obxectivos, facilitando a permeabilidade entre o Consello da Xunta e unha elite empresarial.



CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- **Limita a participación democrática** ao reducir os prazos de información pública á metade (art. 39) e ao marxinalizar o papel dos concellos na xestión das áreas empresariais.

Así é todo dende o goberno galego, a través de diferentes leis de acompañamento dos orzamentos, leva facen do diferentes modificacións normativas como a creación das Zonas Industriais Rurais (ZIR) e as Zonas de Aceleración de Proxectos Empresariais e Solo (Zapes), que poñen de manifesto a utilización de parches ante a falta dunha ordenación do solo empresarial consistente. Tamén cabe destacar a medida de facilitar a gratuidade de solo empresarial durante 8 anos

En conclusión, a normativa galega e a aposta do goberno galego na dinamización e na xestión do solo empresarial precisa dunha revisión profunda.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Pensa o goberno galego desenvolver un inventario público de solo empresarial cunha visión máis integral que o actual censo?

- Pensa o goberno facer estudos serios sobre a evolución, o estado e o futuro do papel que debe xogar o solo empresarial no futuro industrial de Galiza?

- Pensa o goberno condicionar o acceso ao solo empresarial público a compromisos claros de creación de emprego estable e de calidade?

- Ante os parches como plans estruturantes e novas fórmulas de creación de solo empresarial, cre o goberno que se constata o fracaso da Lei 3/2022 de áreas empresariais?



CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que o goberno galego impulsar novos modelos de áreas empresariais que recoñeza a diversidade das necesidades produtivas do noso país?

- Que alternativas ten despregado ou vai despregar o goberno galego para a utilización do solo empresarial en zonas afectadas pola reconversión industrial derivada de diferentes crises?

- Pensa o goberno basear o desenvolvemento do chan empresarial ás necesidades reais e económicas do país?

- Cal considera o goberno que son as causas da falta de desenvolvemento dalgunhas áreas empresariais  alí onde hai unha demanda constatada de solo empresarial?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50673
Data envío: 13/02/2026 14:32:06.161

**Asinado dixitalmente por:**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/02/2026 14:29:59**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 13/02/2026 14:30:06**

**Alexandra Fernández Gómez na data 13/02/2026 14:30:14**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50673
Data envio: 13/02/2026 14:32:06.161

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 14:32:07**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 18:13:54
Nº Rexistro: 50683
Data envio: 13/02/2026 18:13:54.050

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 13/02/2 18:12
Por Óscar Insua Lema
Por Olalla Rodil Fernández
Asinado o día 13/02/2026 ás 18:11
Por Iria Carreira Pazos
Asinado o día 13/02/2026 ás 18:09
Por María Montserrat Prado Cores
CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Valcárcel Armesto**, **Iria Carreira Pazos** e **Oscar Insua Lema**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para garantir as gardas das oficinas de farmacia nas localidades onde están situados os PACs e servizos de urxencias hospitalarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Preocúpanos que se estableza (artigo 28) que a planificación das oficinas de farmacia debe garantir atención conveniente, oportuna e eficiente, na vez de realizarse en base ás necesidades de atención farmacéutica da poboación e á equidade.

As oficinas de farmacia teñen unha característica peculiar: son establecementos sanitarios que teñen a condición de servizo de interese público, mais son de propiedade privada. A súa é unha posición na que ten que conxugarse o interese público do servizo que prestan e o interese de lucro propio dun negocio privado. Son o último elo da cadea sanitaria, na que tras as/os doentes pasar polos servizos sanitarios teñen que acudir ás oficinas de farmacia a adquirir os fármacos que previamente foron receitados, prescritos, no Sergas.

A Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galiza, en vigor, significou o avance na liberalización dun servizo esencial, na mesma contémplase dun xeito profuso os aspectos comerciais, mais non así os asistenciais.

Como consecuencia están sendo numerosas as queixas que recibimos de diferentes comarcas de Galiza, dos problemas que lle carrexa á veciñanza determinadas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 18:13:54
Nº Rexistro: 50683
Data envío: 13/02/2026 18:13:54.050

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gardas das oficinas de farmacia que se atopan lonxe dos PACs ou das urxencias hospitalarias o que lles supón ten que realizar desprazamentos de quilómetros para poder adquirir os fármacos prescritos nestes servizos de urxencias.

A modo de exemplo podemos citar os casos das comarcas de Fisterra e Soneira onde se están xerando situacións que provocan ducias de queixas entre a veciñanza, dándose nalgún momento a casuística concreta caso dunha persoa que reside en Muxía, que vai ao PAC a Cee e ten que ir á farmacia do Pindo, e volver a casa. 15 quilómetros para ir ao PAC, e outros 15 para ir á farmacia, e outros 30 para volver a casa. 60 quilómetros para poder mercar a medicación prescrita e que non poden esperar ao día seguinte.

Outro exemplo é o que acontece na comarca de Lugo, unha persoa da parroquia de Sto Tomé de Outeiro de Rei que precisa ir ao PAC que está a 16 kms, logo á farmacia de garda en Castro de Rei outros 16 e volver á casa 34. Un total de 68 kms para adquirir medicación prescrita.

Si este percorrido o ten que facer conducindo o vehículo o mesmo doente que acude ao PAC, a situación faise complicada, e xa non digamos quen carece de vehículo e ten que acudir nun taxi, e asumir o custe dun desprazamento de 60 kms.

A Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galiza, establece no seu Artigo 29. Horarios e servizos de garda das oficinas de farmacia:

4. O servizo de garda é aquel que debe realizarse con carácter obrigatorio para garantir a continuidade da atención farmacéutica.

5. A atención farmacéutica prestada no nivel de atención primaria polas oficinas de farmacia será continuada. Para tal efecto, fóra do horario mínimo obrigatorio, a atención farmacéutica estará garantida a través do servizo de garda, que debe realizarse con carácter obrigatorio nos termos previstos nos números seguintes.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 18:13:54
Nº Rexistro: 50683
Data envio: 13/02/2026 18:13:54.050

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. O servizo de garda atenderase mediante un sistema de quendas elaborado polo colexio oficial de farmacéuticos/as de cada provincia, seguindo os criterios que se establezan por norma regulamentaria, entre os que deberán figurar necesariamente os seguintes:

a) A poboación que se debe atender.

b) A accesibilidade da poboación á atención farmacéutica.

c) A obrigatoriedade de prestación do servizo de garda na área de referencia dos puntos de atención continuada, co fin de garantir a continuidade do proceso de prescrición e dispensación de medicamentos.

Así mesmo o Decreto 228/2022 que a desenvolve, establece no artigo 7.2 deste Decreto que “as quendas de garda realizarase de forma que permita en todo momento a cobertura das necesidades asistenciais da poboación, tendo en conta a poboación que se debe atender, a accesibilidade da poboación á atención farmacéutica e a obrigatoriedade de prestación do servizo de garda na área de referencia dos puntos de atención continuada”.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai realizar as modificacións precisas na Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galiza, de xeito que na mesma se estableza que terá que haber sempre oficina de farmacia de garda na localidade na que estea situado un PAC ou urxencias hospitalarias?

Vai realizar todas as xestións pertinentes cos Colexio Oficiais de Farmacéuticos e Farmacéuticas para establecer un sistema de organización das quendas de garda das oficinas de farmacia, que garanta que estea de garda a da localidade na que estea situada



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o PAC ou servizo de urxencias, en especial nas comarcas nomeadas de Fisterra Soneira e Outeiro de Rei en Lugo?

Que seguimento fai das quendas que gardas que lle envían os Colexios de Farmaceúticxs?

Coida que está garantido o dereito asistencial cando unha persoa ten que desprazarse máis de 60 kms para adquirir medicación para procesos de enfermidade que non poden agardar ao día seguinte?

Ten feito unha avaliación da calidade asistencial que reciben as galegas e galegos desde a entrada en vigor da Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galiza e do Decreto 228/2022, do 29 de decembro, respecto dos novos horarios, quendas de garda e vacacións das oficinas de farmacia?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 18:13:54
Nº Rexistro: 50683
Data envio: 13/02/2026 18:13:54.050

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2026 18:09:12

Iria Carreira Pazos na data 13/02/2026 18:11:57

Óscar Insua Lema na data 13/02/2026 18:12:05

Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/02/2026 18:12:18

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2026 18:12:26

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 18:13:54

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50770
Data envio: 16/02/2026 09:08:48.052

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/02/2 09:08
Por Daniel Castro Ga

Asinado o día 16/02/2026 ás 09:08
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 16/02/2026 ás 09:07
Por Óscar Insua Lema

**Á Mesa do Parlamento**

**Oscar Insua Lema, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Daniel Castro García**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de modificar a ubicación dunha antena de telefonía móbil no lugar de Brenlla, Coristanco.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Traballo 2022-2023 para a mellora da cobertura móbil en Galiza foi unha iniciativa conxunta da Xunta de Galiza (a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - Amtega) e a Fegamp (Federación Galega de Municipios e Provincias) para solucionar deficiencias de conectividade en zonas rurais. Daquela destinarase un investimento público de 10 millóns de euros para dotar de cobertura móbil a 290 núcleos de poboación situados en 65 concellos galegos.

Esta actuación enmarcouse dentro da Estratexia Galicia Dixital 2030, unha estratexia deseñada polo Goberno galego para Galiza como un marco dixital común que facilitara a actuación das tres administracións nun mesmo territorio de maneira complementaria, buscando as sinerxías e a suma de esforzos para consolidar a transición dixital da Comunidade e que busca a eliminación de fendas dixitais na contorna rural.

A Xunta e Fegamp tamén abordaban no marco do plan de traballo 2022-2023 a situación da cobertura móbil en Galiza e compartían á diagnose en relación ao impacto que teñen a dispersión no despregamento das redes de telecomunicacións. Neste sentido, ambas entidades coincidían na necesidade de que o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación dixital tivera en conta este criterio no desenvolvemento do Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (UNICO).



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50770
Data envio: 16/02/2026 09:08:48.052

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda que o plan específico 2022-2023 centrouse neses 290 núcleos, o despregamento continuou mediante outros programas, como os de consolidación do 5G sentando as bases para o despregamento masivo de tecnoloxía 5G (dando continuidade ao Plan Galicia 5G aprobado no ano 2018), ou como os Programas UNICO, tal e como reclamaban dende a Xunta e a FEGAMP, onde se complementan o Goberno central e a Xunta xestionando os fondos europeos (Next Generation) para estender a banda ancha e o 5G a zonas de baixa densidade poboacional, co obxectivo de alcanzar unha cobertura total en 2026.

Neste contexto, e no marco de desenvolvemento destes plans, no concello de Coristanco unha das empresas beneficiarias da convocatoria de axudas, en concreto a empresa ORANGE ESPAGNE S.A, comezou a sinalizar hai meses a ubicación e posteriormente a executar as obras para instalar unha antena de telefonía móbil entre o lugar de Brenlla e de Ferreira. Casualmente instalárona nunha parcela, a 35 do polígono 55, cuxo propietario ía na lista electoral do alcalde da localidade, dado que ningún dos demais veciños estivo disposto a facilitarlles outra parcela, porque non querían que se instale tan preto das vivendas. A torre da antena está instalada a menos de cen metros de distancia das dúas vivendas máis próximas e a veciñanza está preocupada polos efectos adversos que pode provocar na súa saúde.

Os veciños e veciñas falaron co alcalde da localidade co fin de que mediara coa empresa para buscar outra ubicación da antena, máis lonxe das vivendas, mais as conversas non tiveron éxito, a pesar de que o artigo 49 da Lei 11/2022, de 28 de xuño, Xeral de Telecomunicacións establece pautas para que as administracións públicas poidan colaborar na instalación ou explotación das redes públicas de comunicacións electrónicas, e por tanto para que este chegara a algún acordo coa empresa adxudicataria e lograra ubicala noutro sitio. Os veciños e veciñas do lugar seguen mobilizándose para conseguir unha solución satisfactoria para todos afastando a antena de telefonía da súa actual ubicación dado que seguen preocupados polos posibles efectos na súa saúde



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

derivados das emisións radioeléctricas aos que estarían expostos, ademais do impacto visual provocado no núcleo rural no que viven.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Coñece a Xunta de Galiza a reclamación dos veciños de Brenlla, en Coristanco ao respecto da instalación dunha antena de telefonía móbil preto das súas casas?

- Ten pensado o goberno galego interceder para intentar solucionar este problema en Coristanco?

- Entregou algunha proposta o concello de Coristanco á FEGAMP no marco do Plan de Traballo 2022-2023 entre a Xunta e a Fegamp para a mellora da cobertura móbil?

- Entregoulle o goberno galego ao Ministerio para a transformación dixital ou a Secretaría de Estado de telecomunicacións e infraestructuras dixitais algunha relación de zonas sen cobertura en Coristanco para ser incluídas nas liñas de axudas dos programas UNICO 5G Redes Activas?

- Cales foron as propostas do concello de Coristanco para mellorar a cobertura no municipio?

- Considera o goberno galego que existe algunha outra alternativa para ubicar a antena instalada na parcela 35 do polígono 55 en Coristanco?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50770
Data envio: 16/02/2026 09:08:48.052

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 16/02/2026 9:07:59**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/02/2026 9:08:08**

**Daniel Castro García na data 16/02/2026 9:08:13**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 9:08:48**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 10:02:44
Nº Rexistro: 50776
Data envío: 16/02/2026 10:02:44.225

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 16/02/2 10:01
Por Luis Bará Torres

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer a procurar unha solución dialogada, xusta e favorábel aos propietarios que residen en Monte Mero (A Coruña).

Asinado o día 16/02/2026 ás 10:01
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza afectada pola próxima urbanización de Monte Mero (A Coruña) séntese abandonada polas administracións, tanto polo goberno do Concello da Coruña como da Xunta de Galiza.

A Xunta prevé, a través dun Plan de Interese Autonómico, a construción de vivendas, unha parte delas protexidas, nun lugar que está habitado, con 35 vivendas onde residen persoas que teñen aí toda a súa vida e memoria familiar.

A única resposta que lle ofrece a Xunta á veciñanza é pagarlle a súa propiedade como solo rústico e poñerlle unha parcela onde constrúan as súas novas casas, unha proposta que é absolutamente inviábel, para alén de ser inxusta.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

Comprométese a Xunta a procurar unha solución dialogada, xusta e favorábel para todos os propietarios que residen en Monte Mero (A Coruña)?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asinado o día 16/02/2026 ás 10:01
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 10:02:44
Nº Rexistro: 50776
Data envio: 16/02/2026 10:02:44.225

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 16/02/2026 10:01:25**

**Alexandra Fernández Gómez na data 16/02/2026 10:01:35**

**Luis Bará Torres na data 16/02/2026 10:01:42**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 10:02:44
Nº Rexistro: 50776
Data envio: 16/02/2026 10:02:44.225

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 10:02:44

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 11:24:04
Nº Rexistro: 50783
Data envio: 16/02/2026 11:24:04.163

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/02/2 11:22
Por Alexandra Fernár

Asinado o día 16/02/2026 ás 11:22
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 16/02/2026 ás 11:22
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

**Á Mesa do Parlamento**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a racionalización e visión integral no desenvolvemento do solo empresarial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2017 supuxo un primeiro paso problemático nunha implantación empresarial ordeada  ao centrarse case exclusivamente na axilización da tramitación do chan sen abordar as cuestións de fondo como a falta de diagnóstico sobre o chan empresarial existente, a ausencia de análise sobre a demanda real de chan por parte das empresas e a non consideración das causas da deslocalización industrial.

Non é obxecto desta iniciativa afondar nas moitas medidas que se puideron ter posto en funcionamento nos últimos anos para fortalecer o sector, sobre todo para preparalo para situacións como as que novamente estamos a vivir, medidas derivadas das competencias exclusivas do Goberno galego na materia, que levan anos e anos sendo reclamadas polo sector e a través das propostas deste Grupo parlamentario e que foron sempre desoídas e desatendidas. Mais cómpre recalcar que o desleixo histórico, a falta dun plan estrutural para manter e potenciar o sector pesqueiro e marisqueiro e os seus postos de traballo e a insuficiencia crónica de recursos orzamentarios e humanos



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:30:02
Nº Rexistro: 50838
Data envio: 16/02/2026 13:30:02.588

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adicados a estes fins son sen dúbida factores chave que inflúen decisivamente na dimensión da problemática actual.

Agora cómpre facer fronte ás consecuencias do mal tempo continuado dende novembro, que aínda persiste, dar a máxima cobertura social ás ducias de afectados e afectadas e evitar que continúe a sangría da perda de postos de traballo no sector.

As medidas inmediatas, no entanto, xa non se entenden doutro xeito se non van acompañadas doutras de calado que permitan avanzar e sentar as bases para comezar unha recuperación imprescindíbel e que haberá que abordar tamén con inmediatez en canto se supere a urxencia deste momento. Agora o sector do mar galego precisa dunha resposta estruturada e complementaria ás medidas xa activadas por outras administracións, que permita cubrir os danos non atendidos, apoiar ás persoas, ás familias e entidades afectadas e evitar que soporten os custos desta emerxencia en solitario.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da afectación que están a ter os sucesivos temporais e as intensas choivas que veñen tendo lugar dende o mes de novembro sobre o sector do mar galego?

. Que actuacións vai levar a cabo para paliar as súas consecuencias?

. Que medidas, urxentes e a medio prazo, vai reclamar da administración do Estado?

. Que medidas propias, urxentes e a medio prazo, vai desenvolver?



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:30:02
Nº Rexistro: 50838
Data envio: 16/02/2026 13:30:02.588

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Está disposta a priorizar sobre calquera outra as actuacións destinadas a salvar e fortalecer o sector produtor do mar?

. Máis alá da gravidade e da inmediatez en atender a situación actual, está disposta a elaborar un plan estrutural de recuperación progresiva da perda de produtividade das rías galegas e da calidade das súas augas?. Se é así, cando e con que premisas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:30:02
Nº Rexistro: 50838
Data envio: 16/02/2026 13:30:02.588

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/02/2026 13:27:28

Carmela González Iglesias na data 16/02/2026 13:27:43

Daniel Castro García na data 16/02/2026 13:27:49

Óscar Insua Lema na data 16/02/2026 13:27:57

Paulo Ríos Santomé na data 16/02/2026 13:28:05

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:30:02
Nº Rexistro: 50838
Data envio: 16/02/2026 13:30:02.588

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 13:30:03**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:45:20
Nº Rexistro: 50843
Data envio: 16/02/2026 13:45:20.757

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/02/2 13:41
Por Luis Bará Torres
Asinado o día 16/02/2026 ás 13:41
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Asinado o día 16/02/2026 ás 13:41
Por Montserrat Valcárcel Armesto

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Valcárcel Armesto**, **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o reforzo do INUNGAL e da prevención fronte ás inundacións tras a declaración de Galiza como zona gravemente afectada por emerxencias de protección civil.

Exposición de motivos

As borrascas Joseph, Kristin, Leonardo, Marta e outros temporais deste inverno provocaron en Galiza milleiros de incidencias, con ríos en nivel vermello e laranxa, inundacións en vivendas, garaxes e baixos comerciais, estradas cortadas, derrubamento de pontes e danos significativos na rede de infraestruturas. No ámbito fluvial repetíronse desbordamentos en puntos negros xa coñecidos en ríos como o Miño, Sar, Mandeo, Umia ou Tea, onde as chairas naturais de inundación foron progresivamente ocupadas por estradas, naves, solo urbano e outras infraestruturas que actúan como auténticos tapóns. O derrubamento da ponte da Acea en Navia de Suarna, así como os cortes recorrentes en estradas provinciais, evidencian que unha parte importante da rede viaria e das obras hidráulicas non está adaptada ao novo escenario climático.

Desde o punto de vista xeolóxico e climático asistimos a unha intensificación dos fenómenos meteorolóxicos extremos, con solos practicamente saturados (por riba do 98% de humidade) que deixan de infiltrar auga e convértena case toda en



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escorrentía, aumentando o caudal dos ríos e o risco de inundacións e deslizamentos de terra. A isto súmanse factores antrópicos como a agroganadaría intensiva que compacta o solo, os incendios forestais que deixan os montes desprotexidos e vulnerábeis á erosión, e o desenvolvemento de infraestruturas e solo urbano que sela o chan e altera os fluxos naturais da auga, creando novas zonas inundábeis. A propia xeoloxía lembra que ignorar as características do terreo ao construír ou planificar multiplica os riscos.

O Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galiza (INUNGAL) foi revisado e aprobado por resolución da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en outubro de 2024, cunha nova análise de perigosidade e risco, integración de información hidrolóxica e definición de fases de preemerxencia e emerxencia. Porén, malia contar cun plan autonómico específico, a realidade mostra un enfoque eminentemente reactivo: activacións en fase de preemerxencia e emerxencia, reparacións a posteriori e respostas puntuais, sen unha avaliación pública e sistemática do seu cumprimento nin indicadores claros da súa efectividade. O Consello de Ministros do Estado declarou Galiza zona gravemente afectada por unha emerxencia de protección civil polos danos acumulados polas borrascas dos últimos meses, abrindo a vía a axudas extraordinarias, o que evidencia que o problema non é só meteorolóxico senón tamén de vulnerabilidade estrutural e insuficiente prevención.

Como sinala o delegado en Galiza do Colexio Oficial de Xeólogos, “as inundacións non se poden evitar por completo porque son fenómenos naturais, pero estamos a tempo de minimizalas”, sempre que se recupere a saúde do solo, se mellore a súa capacidade de infiltración e se integre a xeoloxía na ordenación do territorio. Para iso cómpre avanzar desde un modelo que canaliza e acelera a auga, a

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:45:20
Nº Rexistro: 50843
Data envio: 16/02/2026 13:45:20.757

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

miúdo encorsetando os ríos e ocupando as súas chairas de inundación, a un modelo que retén, lamina e xestiona a auga de forma sustentábel, combinando restauración fluvial, boa xestión forestal, prácticas agrarias que melloren a materia orgánica do solo e unha planificación territorial que respecte as zonas de alto risco. A combinación dun plan aprobado no DOG, dunha declaración estatal de zona catastrófica e dunha cidadanía que percibe improvisación e abandono cando chegan os temporais é politicamente inasumíbel e revela unha falla de estratexia real de adaptación ao cambio climático.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que responsabilidades asume o Goberno galego polo feito de que milleiros de incidencias e danos evidencien unha planificación claramente insuficiente fronte ao risco de inundacións?

Que cambios concretos ten previsto introducir a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no INUNGAL e na organización de protección civil para que a próxima campaña de temporais non se salde, outra vez, con incidencias que poderían ser evitadas cunha planificación axeitada?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:45:20
Nº Rexistro: 50843
Data envio: 16/02/2026 13:45:20.757

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/02/2026 13:41:39**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/02/2026 13:41:46**

**Luis Bará Torres na data 16/02/2026 13:41:57**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:45:20
Nº Rexistro: 50843
Data envio: 16/02/2026 13:45:20.757

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 13:45:21

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:47:36
Nº Rexistro: 50852
Data envio: 16/02/2026 13:47:36.892

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila** e **Carmela González Iglesias**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación dos centros escolares e as accións conxuntas para demandar recursos á Consellería de Educación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este curso escolar está a resultar o máis duro da última década. Profesorado e familias coinciden en valorar que o Goberno do PP na Xunta de Galiza, a través da Consellería de Educación, ven de deixar o ensino galego sen os recursos suficientes para poder atender a todo o alumnado, despois de 17 anos de recortes continuados.

Na actualidade, é imposible para o profesorado asumir todas as tarefas que a administración autonómica tenlles encomendadas. Pero estas persoas están sufrindo e realmente preocupadas por non poder desenvolver debidamente aquela tarefa para a cal foron nomeadas funcionarias ou contratadas: a atención docente ao seu alumnado.

Perdidas/os entre unha inxente burocracia, atendendo a numerosos protocolos de todo tipo, informes, gardas no centro (de pasillo, de recreo, de autobús escolar, de comedor, de biblioteca….), participación en proxectos educativos (se queren que o seu centro teña máis recursos), formación dixital,..., resúltalle imposible poder atender a cada alumna/o, canto máis se algunha delas leva consigo Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Asinado o día 16/02/2026 ás 13:39
Por Carmela González Iglesias

Asinado o día 16/02/2026 ás 13:39
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:47:36
Nº Rexistro: 50852
Data envío: 16/02/2026 13:47:36.892

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A inmensa maioría do alumnado máis vulnerable, atópase na actualidade sen a atención que aconsellan os seus informes médicos e de orientación, de xeito que aquel que está en aulas ordinarias non está sendo atendido como corresponde e iso afecta ademais ao resto das compañeiras/os da clase.

Esta situación non se corresponde cunha inclusión real, como publicita a diario a Consellería e ante a falta de docentes, especialistas e persoal coidador suficiente, as medidas que se toman non son as que correspondería para mellorar a situación, senón que a administración educativa trata de desviar a atención do problema coa creación de Aulas Específicas (que nada teñen de inclusivas) ou mudar as matrículas cara a Centros de Educación Especial.

Por outra banda as partidas orzamentarias destinadas a gastos nos centros educativos cada vez son menores e resulta xa case imposible asumir as facturas de subministros, material educativo, mantemento, pequenas reformas necesarias, etc., se temos en conta esta pírrica aportación e o continuado ascenso do IPC que afecta á economía de todas as galegas e galegos e tamén ás contas dos centros educativos. Bo exemplo disto é que o número de saídas dos centros para actividades escolares estanse a reducir drasticamente, por non poder asumir nin as familias, nin os centros o custo dos desprazamentos.

Os centros educativos de todo o País levan os seis meses de curso reclamando docentes, especialistas, persoal coidador e maiores recursos económicos á Consellería de Educación, que non foron atendidos.

É por todo iso que o profesorado e as familias comezaron a organizarse en toda Galiza para reclamar que se garantan os dereitos do alumnado. Un movemento que vai impulsar cinco manifestacións simultáneas nas comarcas do Morrazo, Vigo, Louriña e



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:47:36
Nº Rexistro: 50852
Data envio: 16/02/2026 13:47:36.892

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Condado-Paradanta e que irán sumándose outras moitas, que xa están en marcha, mentres a Xunta de Galiza continúe sen solventar este grave problema educativo.

Fartas/os de asumir unha carga de traballo inxente que xa non mellora a situación do alumnado e dos centros, teñen convocado mobilizacións nas localidades de Cangas, Redondela, Vigo, O Porriño e Ponteareas para o vindeiro mércores 25 de febreiro, nas que amosarán o seu descontento e reclamarán os recursos necesarios para o alumnado e os centros e unhas condicións laborais dignas como corresponde.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación ampliar os cadros de persoal e actualizar os catálogos dos centros educativos galegos, dotándoos de xeito inmediato das docentes, especialistas e persoal coidador necesario para unha atención de calidade a todo o alumnado, tamén aquel máis vulnerable?

2.- Ten previsto a Consellería incrementar a dotación económica que asigna cada ano aos centros educativos en consonancia cos gastos que deben asumir, ordinarios e extraordinarios, actualizando esta partida co aumento do IPC anual?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:47:36
Nº Rexistro: 50852
Data envio: 16/02/2026 13:47:36.892

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 16/02/2026 13:39:25**

**Carmela González Iglesias na data 16/02/2026 13:39:33**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:47:36
**Nº Rexistro: 50852**
Data envio: 16/02/2026 13:47:36.892

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 13:47:37**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:53:39
Nº Rexistro: 50856
Data envio: 16/02/2026 13:53:39.039

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/02/2
13:52
Por Alexandra Fernár

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila**, **Carmela González Iglesias**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as necesidades dos centros escolares da comarca de Vigo, así como as accións conxuntas para demandar estes recursos á Consellería de Educación.

Asinado o día 16/02/2026 ás
13:51
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este curso escolar está a resultar o máis duro da última década. Profesorado e familias coinciden en valorar que o Goberno do PP na Xunta de Galiza, a través da Consellería de Educación, ven de deixar o ensino galego sen os recursos suficientes para poder atender a todo o alumnado, despois de 17 anos de recortes continuados.

Na actualidade, é imposible para o profesorado asumir todas as tarefas que a administración autonómica tenlles encomendadas. Pero estas persoas están sufrindo e realmente preocupadas por non poder desenvolver debidamente aquela tarefa para a cal foron nomeadas funcionarias ou contratadas: a atención docente ao seu alumnado.

Perdidas/os entre unha inxente burocracia, atendendo a numerosos protocolos de todo tipo, informes, gardas no centro (de pasillo, de recreo, de autobús escolar, de comedor, de biblioteca….), participación en proxectos educativos (se queren que o seu centro teña máis recursos), formación dixital,... resúltalle imposible poder atender a cada alumna/o, canto máis se algunha delas leva consigo Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Asinado o día 16/02/2026 ás
13:51
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:53:39
Nº Rexistro: 50856
Data envio: 16/02/2026 13:53:39.039

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A inmensa maioría do alumnado máis vulnerable, atópase na actualidade sen a atención que aconsellan os seus informes médicos e de orientación, de xeito que aquel que está en aulas ordinarias non está sendo atendido como corresponde e iso afecta ademais ao resto das compañeiras/os da clase.

Esta situación non se corresponde cunha inclusión real, como publicita a diario a Consellería e ante a falta de docentes, especialistas e persoal coidador suficiente, as medidas que se toman non son as que correspondería para mellorar a situación, senón que a administración educativa trata de desviar a atención do problema coa creación de Aulas Específicas (que nada teñen de inclusivas) ou mudar as matrículas cara a Centros de Educación Especial.

Por outra banda as partidas orzamentarias destinadas a gastos nos centros educativos cada vez son menores e resulta xa case imposible asumir as facturas de subministros, material educativo, mantemento, pequenas reformas necesarias, etc., se temos en conta esta pírrica aportación e o continuado ascenso do IPC que afecta á economía de todas as galegas e galegos e tamén ás contas dos centros educativos. Bo exemplo disto é que o número de saídas do centro para actividades escolares estanse a reducir drasticamente, por non poder asumir nin as familias, nin os centros o custo dos desprazamentos.

Os centros educativos levan os seis meses de curso reclamando docentes, especialistas, persoal coidador e maiores recursos económicos á Consellería que non foron atendidos.

É por todo iso que o profesorado e as familias da Comarca de Vigo, fartas/os de asumir unha carga de traballo inxente que xa non mellora a situación do alumnado e dos centros, téñense organizado co resto de comarcas galegas e convocado mobilizacións en Vigo e Redondela para o vindeiro mércores 25 de febreiro, nas que amosarán o seu



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:53:39
Nº Rexistro: 50856
Data envío: 16/02/2026 13:53:39.039

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

descontento e reclamarán os recursos necesarios para o alumnado e os centros e unhas condicións laborais dignas como corresponde.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación ampliar os cadros de persoal e actualizar os catálogos dos centros educativos da comarca de Vigo, dotándoos de xeito inmediato das docentes, especialistas e persoal coidador necesario para unha atención de calidade a todo o alumnado, tamén aquel máis vulnerable?

2.- Vai a Consellería ampliar a dotación económica que asigna cada ano aos centros escolares en consonancia cos gastos que deben asumir, ordinarios e extraordinarios, e actualizando esta partida co aumento do IPC anual?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:53:39
Nº Rexistro: 50856
Data envio: 16/02/2026 13:53:39.039

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 16/02/2026 13:51:48
Carmela González Iglesias na data 16/02/2026 13:51:55
Alexandra Fernández Gómez na data 16/02/2026 13:52:01
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/02/2026 13:52:09

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 13:53:39
Nº Rexistro: 50856
Data envio: 16/02/2026 13:53:39.039

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 13:53:39**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50865
Data envio: 16/02/2026 14:24:09.411

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila** e **Daniel Castro García**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de realizar, por parte da Consellería de Educación, unha inspección periódica en todos os centros educativos galegos emitindo informes vinculantes do estado das súas instalacións e as obras ou reformas que precisan e o prazo para realizalas segundo a súa urxencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De sobra é coñecido por toda a comunidade educativa galega, e por todos os grupos políticos do Parlamento Galego, as reclamacións que as direccións dos centros escolares en todo o País realizan con frecuencia sobre o estado das súas instalacións. Sobre todo porque a diario aparecen estes casos nos xornais, polo tanto de dominio público.

Centros que rondan os 50 anos ou máis vellos, onde chove dentro das aulas ou nos mellores casos teñen numerosas humidades, no chan e paredes. Escolas onde é preciso mudar as cubertas porque xa é evidente a súa deformación e deterioro. Instalacións sen un illamento actualizado, onde a calefacción non é eficiente nin saudable e o pouco calor que xera sae polas fiestras que xa nin pechan correctamente. Centros que non cumpren a normativa de accesibilidade, con peches perimetrais do recinto a punto de derrube, que non teñen instalacións específicas para impartir as materias de Psicomotricidade e Educación Física, sen patio exterior cuberto ou sen renovar os baños dende a súa apertura.

Entre as 1600 edificacións educativas que forman parte da Consellería non hai casos puntuais. A inmensa maioría teñen grandes necesidades de reformas, ampliacións



Asinado o día 16/02/2026 ás 14:23
Por Daniel Castro García

Asinado o día 16/02/2026 ás 14:22
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou obras de eficiencia enerxética para poder dar clase cun mínimo de confortabilidade e seguridade.

A Lei 1/2019 de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana regula no Capítulo II (artigo 3 e seguintes) o informe de avaliación dos edificios. Ven sendo a revisión á que deben someterse os edificios que teñen unha certa antigüidade, na que se examina entre outros aspectos, o estado de conservación (posibles danos estruturais, patoloxías en muros ou carpinterías, humidades, filtracións,...), a accesibilidade e a eficiencia enerxética.

Esta normativa é aplicable e obrigatoria nos seguintes casos:

*a) Os edificios de uso residencial de vivenda colectiva cunha antigüidade de máis de cincuenta anos, agás que a normativa municipal estableza unha antigüidade inferior.*

*b) O resto dos edificios cando así o determine a normativa municipal, que poderá establecer especialidades de aplicación do citado informe en función da súa situación, antigüidade, tipoloxía ou uso predominante.*

Dende o BNG, consideramos que é necesario e urxente que se emitan informes na mesma liña que para as edificacións privadas, en todos os centros de ensino de máis de 25 anos de antigüidade a fin de determinar o estado físico das súas instalacións. Estes documentos serán de utilidade para fixar as prioridades a curto, medio e longo prazo e a asignación das partidas orzamentarias ou fondos externos coas que se deban asumir as distintas reformas, ampliacións ou obras de eficiencia enerxética.

Este traballo sería garante de uso de criterios obxectivos e transparentes de cara á Comunidade Educativa, que descoñecen sempre cando vai a Consellería a asumir melloras ou arranxo das deficiencias que as direccións dos centros reclaman.



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, sería posible nun tempo prudencial e delimitado, contar con toda a información para a toma das decisións por parte das direccións territoriais provinciais.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP impulsar no presente ano 2026 os informes de avaliación de todos os equipamentos escolares de máis de 25 anos de antigüidade, así como daqueles con menos tempo do que haxa constancia de deficiencias estruturais, sanitarias, de accesibilidade e de eficiencia enerxética?

2.- Vai a Consellería de Educación facer públicos os informes de avaliación dos equipamentos escolares a través do Portal Educativo da Consellería e do Portal de Transparencia?

3.- Vai a Consellería elaborar un plan plurianual de mellora dos centros educativos avaliados, dotando as partidas orzamentarias necesarias para modernizar o maior número de centros en cada anualidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50865
Data envio: 16/02/2026 14:24:09.411

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 16/02/2026 14:22:54

Daniel Castro García na data 16/02/2026 14:23:00

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50865
Data envio: 16/02/2026 14:24:09.411

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 14:24:10**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50871
Data envío: 16/02/2026 16:17:47.270

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 16/02/20
Por María Magdalena F
Millares

**Á Mesa do Parlamento**

**Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo está atribuída a Galicia en virtude do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Por Patricia García González
Asinado o día 16/02/2026 ás 16:16
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Por ende, a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de Pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, outorga á Consellería competente en materia de pesca, a competencia nas materias de apoio á flota pesqueira, de prestación dos servizos de busca, rescate e salvamento marítimo, así como da prevención e loita contra a contaminación do medio mariño; e o Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, dispón que corresponde ás comunidades autónomas que a teñan asumida como competencia propia nos seus respectivos Estatutos de Autonomía, a execución da lexislación estatal en materia de salvamento marítimo nas augas territoriais correspondentes ao seu litoral, na que se entende incluída en todo caso a potestade sancionadora.

Neste senso, o servizo de Gardacostas de Galicia, dependente na actualidade da Consellería do Mar, constituíuse pola Lei 2/2004, do 21 de abril, como o organismo encargado de velar pola garda costeira, vixilancia, busca, salvamento e protección do medio mariño nas augas galegas; para o que conta cos medios materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento destas funcións.

Asinado o día 16/02/2026 ás 16:16
Por María Nazaret Cendán
Gayoso

Este servizo é único en España, polo que Galicia é tamén a única comunidade autónoma en constituír un corpo destas características para a protección e vixilancia da súa costa.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Opera as 24 horas e os 365 días do ano, dando resposta inmediata ás incidencias que se producen en Galicia. Así, desde o ano 1990 salvou a vida de case 2.000 persoas.
Tamén lle fai fronte á contaminación, preservando a contorna, un valor incalculable que debe ser resgardado das ameazas contra a paisaxe.

A outra das grandes apostas deste servizo é loitar contra a lacra do furtivismo e contra os que exercen de xeito ilegal a competencia desleal aos miles de profesionais que viven da actividade marisqueira e pesqueira en Galicia. É así que evitar a venda de produtos do mar por fóra das vías legais de comercialización e preservar a saúde dos consumidores é un piar básico.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que balance fai a Consellería do Mar sobre a actuación do servicio de Gardacostas de Galicia no ano 2025?

2.- De que recursos humanos e materiais dispón Gardacostas? De que orzamento dispuxo no ano 2025 e de que orzamento disporá no ano 2026 para a súa actividade?

3.- Cantas actuacións realizou no eido das emerxencias relativas a salvamento marítimo e á loita contra a contaminación? Cantas actuacións realizou mobilizando medios aéreos e cantas con medios marítimos?

4.- Cantas intervencións de inspección levou a cabo e cantas infraccións impuxo? Cantas actuacións de incautación de especies mariñas realizou e cantos comisos?

5.- Benefíciase o sector marítimo-pesqueiro do labor de Gardacostas? E a cidadanía? De que forma?

6.- Que repercusións ten o labor de Gardacostas sobre o medio mariño? E sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros?

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50871
Data envio: 16/02/2026 16:17:47.270

7.- Contribúe o labor de Gardacostas á aplicación da Política Pesqueira Común e da política marítima da Unión Europea? De que forma?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50871
Data envio: 16/02/2026 16:17:47.270

**Asinado dixitalmente por:**

**María Nazaret Cendán Gayoso na data 16/02/2026 16:16:08**
**Miguel Fidalgo Iglesias na data 16/02/2026 16:16:19**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 16/02/2026 16:16:27**
**Jesús María Fernández Rosende na data 16/02/2026 16:16:40**
**Patricia García González na data 16/02/2026 16:16:49**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/02/2026 16:16:58**
**Paula Mouzo Mas na data 16/02/2026 16:17:10**
**Raúl Santamaría González na data 16/02/2026 16:17:21**
**Manuel Santos Costa na data 16/02/2026 16:17:34**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50871
Data envio: 16/02/2026 16:17:47.270

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 16:17:49

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50873
Data envio: 16/02/2026 16:23:18.622

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Dolores Hermelo Piñeiro

Asinado o día 16/02/20
Por María Magdalena F
Millares

**Á Mesa do Parlamento**

**Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Un dos principais motores da economía galega é a actividade do mar -pesqueira, marisqueira e acuícola-; unha actividade que sitúa a Galicia como a primeira comunidade pesqueira da Unión Europea.

Por Patricia García González

Asinado o día 16/02/2026 ás 16:21
Por Miguel Fidalgo Iglesias

Co fin de intensificar esta actividade e incrementar a competitividade do sector, a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos o de potenciar a difusión, a promoción e o coñecemento dos produtos do mar, polo que lle corresponde o desenvolvemento de accións de promoción tanto dos produtos procedentes da pesca e da acuicultura, como das denominacións de orixe e os distintivos de calidade.

É por iso que a participación e a colaboración da Consellería do Mar coas entidades representativas do segmento comercial do sector que teñan como un dos seus obxectivos dar a coñecer os produtos do mar, é un dos eixos principais da política de comercialización pesqueira da Administración galega; xa que a valorización dos produtos do mar por parte dos consumidores repercute directamente sobre a demanda deses produtos, o que ten, en correspondencia, un impacto no rendemento e na viabilidade das empresas da cadea mar–industria.

Asinado o día 16/02/2026 ás 16:21
Por María Nazaret Cendán
Gayoso

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50873
Data envio: 16/02/2026 16:23:18.622



Neste senso, no eido da potenciación dos produtos procedentes da acuicultura, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida do Mexillón de Galicia é a entidade máis representativa do seu segmento; ademais de ser o órgano de xestión e control da dita denominación, de acordo co disposto no Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios; na Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia; no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores; e no Regulamento (CE) nº 1050/2007 da Comisión Europea, do 12 de setembro de 2007, polo que se inscribe no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas da Unión Europea a denominación Mexillón de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Por que a Consellería do Mar asina este convenio específico có Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida do Mexillón de Galicia? É a primeira vez que se fai? Se non é o primeira vez, desde cando se ven asinando?

2.- De non ser a primeira vez que se asina este convenio, a canto ascende o importe histórico desta colaboración? Cal é o importe concreto no ano 2026? Conta co cofinanciamento do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura?

3.- Cal é o obxecto do convenio? Que tipo de accións recolle?

4.- Cal é o destinatario último da posta en marcha das accións recollidas no convenio? Que repercusións terán sobre a cidadanía a execución destas accións?

5.- Beneficiarase o sector marítimo-pesqueiro desta colaboración da Consellería do Mar co Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia? De que forma?

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.- Contribúe a sinatura deste convenio á aplicación da Política Pesqueira Común e da política marítima da Unión Europea? De que forma?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50873
Data envio: 16/02/2026 16:23:18.622

Asinado dixitalmente por:

María Nazaret Cendán Gayoso na data 16/02/2026 16:21:40
Miguel Fidalgo Iglesias na data 16/02/2026 16:21:53
Maria Magdalena Perez Millares na data 16/02/2026 16:22:00
Jesús María Fernández Rosende na data 16/02/2026 16:22:12
Patricia García González na data 16/02/2026 16:22:23
Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/02/2026 16:22:31
Paula Mouzo Mas na data 16/02/2026 16:22:42
Raúl Santamaría González na data 16/02/2026 16:22:51
Manuel Santos Costa na data 16/02/2026 16:23:04

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50873
Data envio: 16/02/2026 16:23:18.622

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 16:23:19**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50875
Data envio: 16/02/2026 16:28:37.707

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 16/02/20
Por María Magdalena F
Millares

**Á Mesa do Parlamento**

**Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

O Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura (Fempa) é o novo fondo das políticas do mar da Unión Europea proposto para o período 2021-2027.

O reparto da dotación financeira do Fempa en España entre as comunidades autónomas acordouse no mes de xullo do 2021 no marco da Conferencia Sectorial de Pesca, na que se decidiu asignar á Administración Xeral do Estado 233,4 M€ e 886,6 M€ ás comunidades autónomas. A Galicia correspondéronlle 345,5 M€ máis un 6% do que se certifique para asistencia técnica, o que sumou un total de 366,2 M€, isto é, un 41,3% do fondo repartido entre as rexións autonómicas e o 32,68% do total que corresponde ao Estado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que balance fai a Consellería do Mar sobre o grao de execución financeira do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura? Que importancia ten para Galicia acadar este grao de execución?

2.- Cumpriu Galicia coa regra N+3 na xestión do Fempa?

3.- Cantos proxectos e de que tipo se financiaron con cargo a este nivel de execución do Fempa? Beneficiouse o sector marítimo-pesqueiro da posta en marcha destes proxectos? E a cidadanía? De que forma?

4.- É mellor o nivel de execución do Fempa que o do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)? Por que?

Por Patricia García González
Asinado o día 16/02/2026 ás 16:27
Por Miguel Fidalgo Iglesias
Asinado o día 16/02/2026 ás 16:26
Por María Nazaret Cendán Gayoso
CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50875
Data envio: 16/02/2026 16:28:37.707

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50875
Data envio: 16/02/2026 16:28:37.707

Asinado dixitalmente por:

María Nazaret Cendán Gayoso na data 16/02/2026 16:26:58
Miguel Fidalgo Iglesias na data 16/02/2026 16:27:09
Maria Magdalena Perez Millares na data 16/02/2026 16:27:17
Jesús María Fernández Rosende na data 16/02/2026 16:27:28
Patricia García González na data 16/02/2026 16:27:40
Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/02/2026 16:27:49
Paula Mouzo Mas na data 16/02/2026 16:28:00
Raúl Santamaría González na data 16/02/2026 16:28:10
Manuel Santos Costa na data 16/02/2026 16:28:22

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50875
Data envio: 16/02/2026 16:28:37.707

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 16:28:38**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:53:01
Nº Rexistro: 50878
Data envio: 16/02/2026 16:53:01.265



Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 16/02/20
Por María Magdalena F
Millares

**Á Mesa do Parlamento**

**Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

No ano 2025 a Consellería do Mar asinou un convenio de colaboración co Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga); entidade coa que mantén unha intensa colaboración dirixida a tecer alianzas que posibiliten ás empresas orientar a súa actividade exterior, tanto para manter a súa produción en mercados exteriores como para identificar novos mercados comerciais.

Unha colaboración que persegue aumentar a rendibilidade da cadea mar-industria, a través tanto da obtención dun maior retorno económico da súa actividade, como dun recoñecemento social maior dos seus produtos do mar.

No marco deste convenio realizouse o *Estudo* e análise da internacionalización do sector mar-industria galego, no que se analiza o grao de internacionalización actual do sector mar-industria e os retos e as oportunidades de futuro do seu tecido empresarial, así como o impacto das políticas públicas autonómicas, co fin de avaliar a súa dirección e planificación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Consellería do Mar sobre súa política pública de internacionalización, á luz das conclusións extraídas do Estudo e análise da internacionalización do sector mar-industria galego realizado polo Clúster Alimentario de Galicia?

Por Patricia García González
Asinado o día 16/02/2026 ás 16:51
Por Miguel Fidalgo Iglesias
Asinado o día 16/02/2026 ás 16:51
Por María Nazaret Cendán Gayoso
CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:53:01
Nº Rexistro: 50878
Data envio: 16/02/2026 16:53:01.265

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:53:01
Nº Rexistro: 50878
Data envio: 16/02/2026 16:53:01.265

**Asinado dixitalmente por:**

**María Nazaret Cendán Gayoso na data 16/02/2026 16:51:21**
**Miguel Fidalgo Iglesias na data 16/02/2026 16:51:35**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 16/02/2026 16:51:43**
**Jesús María Fernández Rosende na data 16/02/2026 16:51:56**
**Patricia García González na data 16/02/2026 16:52:06**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/02/2026 16:52:15**
**Paula Mouzo Mas na data 16/02/2026 16:52:25**
**Raúl Santamaría González na data 16/02/2026 16:52:35**
**Manuel Santos Costa na data 16/02/2026 16:52:47**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:53:01
Nº Rexistro: 50878
Data envio: 16/02/2026 16:53:01.265

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 16:53:03**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:54:15
Nº Rexistro: 50879
Data envio: 16/02/2026 16:54:15.808

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila** e **Carmela González Iglesias**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as necesidades dos centros escolares da comarca do Condado-Paradanta, así como as accións conxuntas para demandar estes recursos á Consellería de Educación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este curso escolar está a resultar o máis duro da última década. Profesorado e familias coinciden en valorar que o Goberno do PP na Xunta de Galiza, a través da Consellería de Educación, ven de deixar o ensino galego sen os recursos suficientes para poder atender a todo o alumnado, despois de 17 anos de recortes continuados.

Na actualidade, é imposible para o profesorado asumir todas as tarefas que a administración autonómica tenlles encomendadas. Pero estas persoas están sufrindo e realmente preocupadas por non poder desenvolver debidamente aquela tarefa para a cal foron nomeadas funcionarias ou contratadas: a atención docente ao seu alumnado.

Perdidas/os entre unha inxente burocracia, atendendo a numerosos protocolos de todo tipo, informes, gardas no centro (de pasillo, de recreo, de autobús escolar, de comedor, de biblioteca….), participación en proxectos educativos (se queren que o seu centro teña máis recursos), formación dixital,..., resúltalle imposible poder atender a cada alumna/o, canto máis se algunha delas leva consigo Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Asinado o día 16/02/2026 ás 16:31
Por Carmela González Iglesias

Asinado o día 16/02/2026 ás 16:30
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:54:15
Nº Rexistro: 50879
Data envío: 16/02/2026 16:54:15.808

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A inmensa maioría do alumnado máis vulnerable, atópase na actualidade sen a atención que aconsellan os seus informes médicos e de orientación, de xeito que aquel que está en aulas ordinarias non está sendo atendido como corresponde e iso afecta ademais ao resto das compañeiras/os da clase.

Esta situación non se corresponde cunha inclusión real, como publicita a diario a Consellería e ante a falta de docentes, especialistas e persoal coidador suficiente, as medidas que se toman non son as que correspondería para mellorar a situación, senón que a administración educativa trata de desviar a atención do problema coa creación de Aulas Específicas (que nada teñen de inclusivas) ou mudar as matrículas cara a Centros de Educación Especial.

Por outra banda as partidas orzamentarias destinadas a gastos nos centros educativos cada vez son menores e resulta xa case imposible asumir as facturas de subministros, material educativo, mantemento, pequenas reformas necesarias, etc., se temos en conta esta pírrica aportación e o continuado ascenso do IPC que afecta á economía de todas as galegas e galegos e tamén ás contas dos centros educativos. Bo exemplo disto é que o número de saídas dos centros para actividades escolares estanse a reducir drasticamente, por non poder asumir nin as familias, nin os centros o custo dos desprazamentos.

Os centros educativos levan os seis meses de curso reclamando docentes, especialistas, coidadores e maiores recursos económicos á Consellería que non foron atendidos.

É por todo iso que o profesorado e as familias da comarca Condado-Paradanta, fartas/os de asumir unha carga de traballo inxente que xa non mellora a situación do alumnado e dos centros, téñense organizado co resto de comarcas galegas e convocado unha mobilización no concello de Ponteareas para o vindeiro mércores 25 febreiro, nas



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que amosarán o seu descontento e reclamarán os recursos necesarios para o alumnado e os centros e unhas condicións laborais dignas como corresponde.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación ampliar os cadros de persoal e actualizar os catálogos dos centros educativos da comarca do Condado-Paradanta, dotándoos de xeito inmediato das docentes, especialistas e persoal coidador necesario para unha atención de calidade a todo o alumnado, tamén aquel máis vulnerable?

2.- Vai a Consellería ampliar a dotación económica que asigna cada ano aos centros escolares en consonancia cos gastos que deben asumir, ordinarios e extraordinarios, e actualizando esta partida co aumento do IPC anual?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:54:15
Nº Rexistro: 50879
Data envío: 16/02/2026 16:54:15.808

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 16/02/2026 16:30:51**

**Carmela González Iglesias na data 16/02/2026 16:31:02**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:54:15
Nº Rexistro: 50879
Data envio: 16/02/2026 16:54:15.808

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 16:54:17**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:58:08
Nº Rexistro: 50883
Data envio: 16/02/2026 16:58:08.694

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 16/02/20 Por María Magdalena F Millares
Por Patricia García González
Asinado o día 16/02/2026 ás 16:56 Por Miguel Fidalgo Iglesias
Asinado o día 16/02/2026 ás 16:56 Por María Nazaret Cendán Gayoso
CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

**Nazareth Cendán Gayoso, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González** e **Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

O 20 de xaneiro do 2026 os membros do Consello Galego de Pesca aprobaban, por unanimidade, o Ditame do Consello Galego de Pesca sobre os resultados derivados da negociación dos TACs e cotas para 2026.

O documento, remitido ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación tan só un día despois -21 de xaneiro-, veu a reflectir a preocupación do máximo órgano de representación do sector marítimo-pesqueiro de Galicia, ante os malos resultados alcanzados, logo da negociación dos TACs e cotas que se desenvolveu en Bruxelas no marco do *Agrifish* do mes de decembro, e que aínda non ten un resultado definitivo ao non terse publicado o Regulamento que as aproba, quedando pendentes stocks tan importantes como a xarda.

Unha preocupación acumulada nos últimos anos, pola tendencia negativa causada pola adopción de decisións que conlevan medidas reguladoras que reducen as posibilidades de pesca da frota galega ou que lle impoñen obrigas que dificultan gravemente a realización da súa actividade.

Galicia cre no futuro da pesca, pero para que a actividade sexa viable -rendible e sostible- é imprescindible a adopción de medidas que axuden ao sector a afrontar o seu día a día con certas garantías, comezando pola implantación de aquelas que, dalgún xeito, palíen as reducións das súas posibilidades de pesca.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:58:08
Nº Rexistro: 50883
Data envio: 16/02/2026 16:58:08.694

PARLAMENTO DE GALICIA

Que valoración fai a Consellería do Mar sobre a resposta do Ministerio de Pesca, Agricultura e Alimentación ante o traballo elaborado xunto o sector, no que debulla as súas demandas para as especies máis afectadas tras os resultados da negociación dos TACs e cotas para o ano 2026?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:58:08
Nº Rexistro: 50883
Data envío: 16/02/2026 16:58:08.694

Asinado dixitalmente por:

María Nazaret Cendán Gayoso na data 16/02/2026 16:56:33
Miguel Fidalgo Iglesias na data 16/02/2026 16:56:43
Maria Magdalena Perez Millares na data 16/02/2026 16:56:50
Jesús María Fernández Rosende na data 16/02/2026 16:57:00
Patricia García González na data 16/02/2026 16:57:10
Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/02/2026 16:57:18
Paula Mouzo Mas na data 16/02/2026 16:57:28
Raúl Santamaría González na data 16/02/2026 16:57:39
Manuel Santos Costa na data 16/02/2026 16:57:52

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:58:08
Nº Rexistro: 50883
Data envio: 16/02/2026 16:58:08.694

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 16:58:09**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:22:38
Nº Rexistro: 50889
Data envio: 16/02/2026 17:22:38.267



Por Rubén Lorenzo Gómez
Asinado o día 16/02/2 17:20 Por José Luis Ferro Ig
Por Patricia García González
Asinado o día 16/02/2026 ás 17:20 Por Víctor Baladrón Lamas
Asinado o día 16/02/2026 ás 17:20 Por Nicole Grueira Fernández

**Á Mesa do Parlamento**

**Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

No ano 2025, o Goberno galego puxo en marcha por primeira vez o Bono Emancípate, unha iniciativa dirixida á mocidade galega de entre 18 e 35 anos co obxectivo de facilitar o seu proceso de emancipación.

Trátase dunha medida específica orientada a dar resposta a unha das principais preocupacións da xuventude: o acceso á súa primeira vivenda e os custos iniciais asociados a ese paso vital.

A través deste bono, a mocidade pode contar cunha contía económica destinada a afrontar gastos fundamentais vinculados á primeira residencia, como a adquisición de mobiliario, electrodomésticos e outros elementos básicos necesarios para iniciar un proxecto de vida autónomo. Estamos, polo tanto, ante unha política pública concreta, focalizada e con impacto directo na capacidade real de emancipación das persoas mozas.

A boa acollida da primeira convocatoria no ano 2025, cunha elevada participación por parte da xuventude galega, reflexa o compromiso do goberno de Alfonso Rueda coa emancipación da xuventude.

Precisamente por iso, a Xunta de Galicia impulsa a segunda convocatoria do Bono Emancípate neste 2026, incrementando a dotación orzamentaria en un millón de euros adicional, có obxectivo de ampliar o número de beneficiarios e reforzar o alcance da medida.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.- Qué balance realiza o Goberno do efecto que produce na xuventude o Bono Emancípate?
2.- Cal é o investimento total previsto para a convocatoria do Bono Emancípate no ano 2026 e que previsión de persoas beneficiarias contempla?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:22:38
Nº Rexistro: 50889
Data envio: 16/02/2026 17:22:38.267

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 16/02/2026 17:20:32
Víctor Baladrón Lamas na data 16/02/2026 17:20:43
José Luis Ferro Iglesias na data 16/02/2026 17:20:56
Julio García Comesaña na data 16/02/2026 17:21:08
Patricia García González na data 16/02/2026 17:21:21
Rubén Lorenzo Gómez na data 16/02/2026 17:21:36
Carmen Pomar Tojo na data 16/02/2026 17:21:46
María Felisa Rodriguez Carrera na data 16/02/2026 17:22:00
Raúl Santamaría González na data 16/02/2026 17:22:10
Cecilia Vázquez Suárez na data 16/02/2026 17:22:23

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:22:38
Nº Rexistro: 50889
Data envio: 16/02/2026 17:22:38.267

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 17:22:39**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:32:03
Nº Rexistro: 50892
Data envio: 16/02/2026 17:32:03.807

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila**, **Carmela González Iglesias** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as necesidades dos centros escolares do concello de Mos, así como as accións conxuntas con outras localidades para demandar estes recursos á Consellería de Educación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este curso escolar está a resultar o máis duro da última década. Profesorado e familias coinciden en valorar que o Goberno do PP na Xunta de Galiza, a través da Consellería de Educación, ven de deixar o ensino galego sen os recursos suficientes para poder atender a todo o alumnado, despois de 17 anos de recortes continuados.

Na actualidade, é imposible para o profesorado asumir todas as tarefas que a administración autonómica tenlles encomendadas. Pero estas persoas están sufrindo e realmente preocupadas por non poder desenvolver debidamente aquela tarefa para a cal foron nomeadas funcionarias ou contratadas: a atención docente ao seu alumnado.

Perdidas/os entre unha inxente burocracia, atendendo a numerosos protocolos de todo tipo, informes, gardas no centro (de pasillo, de recreo, de autobús escolar, de comedor, de biblioteca….), participación en proxectos educativos (se queren que o seu centro teña máis recursos), formación dixital,... resúltalle imposible poder atender a cada alumna/o, canto máis se algunha delas leva consigo Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Asinado o día 16/02/2 17:31 Por Alexandra Fernár
Asinado o día 16/02/2026 ás 17:31 Por Carmela González Iglesias
Asinado o día 16/02/2026 ás 17:31 Por Cristina Fernández Davila
CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:32:03
Nº Rexistro: 50892
Data envio: 16/02/2026 17:32:03.807

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A inmensa maioría do alumnado máis vulnerable, atópase na actualidade sen a atención que aconsellan os seus informes médicos e de orientación, de xeito que aquel que está en aulas ordinarias non está sendo atendido como corresponde e iso afecta ademais ao resto das compañeiras/os da clase.

Esta situación non se corresponde cunha inclusión real, como publicita a diario a Consellería e ante a falta de docentes, especialistas e persoal coidador suficiente, as medidas que se toman non son as que correspondería para mellorar a situación, senón que a administración educativa trata de desviar a atención do problema coa creación de Aulas Específicas (que nada teñen de inclusivas) ou mudar as matrículas cara a Centros de Educación Especial.

Por outra banda as partidas orzamentarias destinadas a gastos nos centros educativos cada vez son menores e resulta xa case imposible asumir as facturas de subministros, material educativo, mantemento, pequenas reformas necesarias, etc., se temos en conta esta pírrica aportación e o continuado ascenso do IPC que afecta á economía de todas as galegas e galegos e tamén ás contas dos centros educativos. Bo exemplo disto é que o número de saídas do centro para actividades escolares estanse a reducir drasticamente, por non poder asumir nin as familias, nin os centros o custo dos desprazamentos.

Os centros educativos levan os seis meses de curso reclamando docentes, especialistas, persoal coidador e maiores recursos económicos á Consellería que non foron atendidos.

É por todo iso que o profesorado e as familias do concello de Mos, fartas/os de asumir unha carga de traballo inxente que xa non mellora a situación do alumnado e dos centros, téñense organizado co resto do País e convocado unha mobilización dende Mos ata o límite co concello do Porriño, para o vindeiro mércores 25 de febreiro, nas que



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

amosarán o seu descontento e reclamarán os recursos necesarios para o alumnado e os centros e unhas condicións laborais dignas como corresponde.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1.- Vai a Consellería de Educación ampliar os cadros de persoal e actualizar os catálogos dos centros educativos do concello de Mos, dotándoos de xeito inmediato das docentes, especialistas e persoal coidador necesario para unha atención de calidade a todo o alumnado, tamén aquel máis vulnerable?

2.- Vai a Consellería ampliar a dotación económica que asigna cada ano aos centros escolares en consonancia cos gastos que deben asumir, ordinarios e extraordinarios, e actualizando esta partida co aumento do IPC anual?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:32:03
Nº Rexistro: 50892
Data envio: 16/02/2026 17:32:03.807

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 16/02/2026 17:31:00**

**Carmela González Iglesias na data 16/02/2026 17:31:08**

**Alexandra Fernández Gómez na data 16/02/2026 17:31:14**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:32:03
Nº Rexistro: 50892
Data envio: 16/02/2026 17:32:03.807

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 17:32:04**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:34:18
Nº Rexistro: 50895
Data envio: 16/02/2026 17:34:18.122

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 16/02/2 17:32
Por Víctor Baladrón L

**Á Mesa do Parlamento**

**Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Coa aprobación da Estratexia Galega de Enfermidades Raras 2025-2030 e o investimento de case 400 millóns de euros para os próximos cinco anos, recoñécese un compromiso firme coa atención das persoas afectadas en Galicia.

Esta folla de ruta non só busca reducir nun 30 % os tempos de diagnóstico, senón tamén ampliar o cribado neonatal, reforzar equipos multidisciplinares, impulsar a rehabilitación a domicilio, incorporar tecnoloxía robótica e mellorar a calidade de vida dos pacientes, tal e como se presentou e se está a artellar no marco do Sergas.

Coñecemos  a creación de unidades especializadas, o reforzo dos programas de cribado, a incorporación de novas tecnoloxías, e o incremento dos recursos asistenciais para as persoas con enfermidades raras.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas concretas está dando a Xunta de Galicia  para a implantación da Estratexia Galega de Enfermidades Raras 2025-2030?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2026

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 16/02/2026 ás 17:32
Por Raquel Arias Rodríguez
Asinado o día 16/02/2026 ás 17:32
Por María Encarnación Amigo Díaz
CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:34:18
Nº Rexistro: 50895
Data envío: 16/02/2026 17:34:18.122

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/02/2026 17:32:26
Raquel Arias Rodríguez na data 16/02/2026 17:32:37
Víctor Baladrón Lamas na data 16/02/2026 17:32:49
Nicole Grueira Fernández na data 16/02/2026 17:33:00
Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/02/2026 17:33:10
Argimiro Marnotes Fernández na data 16/02/2026 17:33:23
Noelia Pérez López na data 16/02/2026 17:33:36
Raúl Santamaría González na data 16/02/2026 17:33:48
Cecilia Vázquez Suárez na data 16/02/2026 17:34:01

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:34:18
Nº Rexistro: 50895
Data envio: 16/02/2026 17:34:18.122

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 17:34:19**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:50:45
Nº Rexistro: 50901
Data envio: 16/02/2026 17:50:45.688

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 16/02/2
17:49
Por Víctor Baladrón L

**Á Mesa do Parlamento**

**Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O recente anuncio do Goberno central sobre a creación dunha Prestación Universal por Crianza de 200 euros mensuais por fillo menor de 18 anos para, supostamente, erradicar a pobreza infantil, non é máis que unha estratexia pre-electoral do señor Pedro Sánchez. Unha política máis de escaparate e improvisación ao que xa nos teñen afeitos.

Si indagamos un pouco no anuncio publicado nos medios de comunicación, trátase dunha medida que como ben indica o seu nome é "universal", é dicir, para o 100% das familias con fillos menores, independentemente da súa renda económica.

No que respecta ao seu financiamento, aínda non está claro como se fará tendo en conta que o Executivo central non foi quen de aprobar os Presupostos Xerais do Estado. O Ministro Bustinduy fala de crear un imposto para as rendas máis altas que serían as encargadas de financiar esta medida.

É dicir, traslada a un sector específico da poboación a responsabilidade de cubrir o custe da prestación ao tempo o fai partícipe e beneficiario dela. É canto menos incomprensible, ilóxica e discriminatoria.

Polo tanto, atopámonos unha vez mais ante unha medida baleira. Un anuncio sen base nin consistencia. Unha cortiña de fume que o único que pretende é desviar a atención ante a grave situación que se está a vivir en España.

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 16/02/2026 ás 17:49
Por María Encarnación Amigo
Díaz
Asinado o día 16/02/2026 ás
17:49
Por Raquel Arias Rodríguez
CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:50:45
Nº Rexistro: 50901
Data envío: 16/02/2026 17:50:45.688



Para combater a pobreza no seu conxunto, e por ende, a pobreza infantil, fan falla políticas sociais, laborais e económicas reais, e non parches illados. Políticas que favorezan a empregabilidade, a conciliación e a igualdade de oportunidades dende a propia infancia.

Neste senso, Galicia leva anos marcando o camiño con políticas pioneiras e eficaces, como a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos ou a Tarxeta Benvida, que si chegan ás familias sen xerar déficit nin inseguridade xurídica.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que consideración fai o Goberno galego do recente anuncio do Executivo central dunha Prestación universal por crianza?

2.- Considera o Goberno galego que o anuncio dunha prestación universal de 200 euros sen criterios de renda é unha ferramenta eficaz para loitar contra a pobreza infantil, ou estamos ante unha nova estratexia de propaganda sen base real?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:50:45
Nº Rexistro: 50901
Data envio: 16/02/2026 17:50:45.688

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 16/02/2026 17:49:05**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 16/02/2026 17:49:16**

**Víctor Baladrón Lamas na data 16/02/2026 17:49:27**

**Nicole Grueira Fernández na data 16/02/2026 17:49:39**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/02/2026 17:49:48**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 16/02/2026 17:49:59**

**Noelia Pérez López na data 16/02/2026 17:50:09**

**Raúl Santamaría González na data 16/02/2026 17:50:20**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 16/02/2026 17:50:31**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:50:45
Nº Rexistro: 50901
Data envio: 16/02/2026 17:50:45.688

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 17:50:46

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:52:32
Nº Rexistro: 50905
Data envío: 16/02/2026 17:52:32.124

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/02/2 17:51
Por Iria Taibo Corsan

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas**, **Iria Carreira Pazos**, **Iria Taibo Corsanego** e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de a Xunta achegue solucións ao grave problema de accesibilidade ao CHUAC.

Asinado o día 16/02/2026 ás 17:50
Por Iria Carreira Pazos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A accesibilidade ao CHUAC é unha materia pendente que sofre a diario a veciñanza da área metropolitana da Coruña, tanto pola falta de prazas para aparcar os vehículos particulares como pola falta de transporte público: buses urbanos e buses metropolitanos.

Nestes momentos, a obra no CHUAC está a complicar aínda máis a situación e a dificultar o acceso ao hospital tanto para os traballadores como para os doentes e acompañantes.

Desapareceron un bo número de prazas habilitadas para aparcaren os traballadores e traballadoras do hospital ou mesmo están ocupadas pola propia obra zonas que antes servían para estacionar e o espazo público non dá para máis.

Asinado o día 16/02/2026 ás 17:50
Por Mercedes Queixas Zas

Hai poucas prazas de balde e tampouco abonda o aparcadoiro privado, que xa encareceu os seus prezos e bonos para os traballadores e traballadoras, pasando de 62 a 80 euros mensuais.

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A obra no CHUAC acumula un importante retraso, xa que o expresidente da Xunta, Feijóo, anunciara que remataría o ano 2025 cun 80% do proxecto rematado, mais a realidade confirmou que está o 95% sen facer. De feito, a Xunta xa confirmou que adía o remate da fase 2 até 2031, mentres que a fase 3 segue sen prazo, o que vén confirmar tamén que os problemas de accesibilidade continuarán ou empeorarán se non se planifican solucións alternativas ao deslocamento en vehículo privado.

Todo isto é un grave problema para o persoal sanitario que traballa no CHUAC a diario; para o que ten que facer gardas localizadas polas que desde que reciben a chamada están obrigados a estar en trinta minutos no hospital; para as persoas que teñen que traballar en limpeza, vixilancia, lavandaría, cociña, cafetaría etc., que tamén son esenciais para o funcionamento do hospital; e por suposto para as doentes e as acompañantes.

A xente que acode ao hospital faino por obriga ou necesidade, así que é fundamental que a Xunta atenda esta realidade e poña os medios para garantir unha mobilidade digna para a que é a área sanitaria de maior asistencia do país.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

Que medidas vai impulsar a Xunta para resolver o grave problema de accesibilidade ao CHUAC?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/02/2026 17:50:43
Iria Carreira Pazos na data 16/02/2026 17:50:54
Iria Taibo Corsanego na data 16/02/2026 17:51:00
Paulo Ríos Santomé na data 16/02/2026 17:51:07

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 17:52:32
Nº Rexistro: 50905
Data envio: 16/02/2026 17:52:32.124

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 17:52:32

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:24:21
Nº Rexistro: 50919
Data envio: 16/02/2026 18:24:21.319

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Oscar Insua Lema**, **Brais Ruanova Vilas-Boas**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, para instar ao mantemento do emprego digno e a actividade industrial vinculada as concesións hidroeléctricas no río Xallas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O complexo industrial de ferroaliaxes XEAL, con fábricas en Dumbría e Cee, conta dende hai moito tempo con concesións hidroeléctricas no río Xallas para abastecerse enerxeticamente. Despois de anos de batallas da empresa Ferroatlántica, antiga propietaria da industria, para segregar as dúas actividades, a de ferroalixes e a de produción enerxética, foi no 2019, cando se autorizou pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) e a Xunta de Galiza, a operación de venda do conglomerado industrial, pasando a depender e ser xestionadas pola empresa TPG-Ithaka, un fondo de investimento americano. Unha operación fantasma, pois o acordo de venta foi condicionado a que tanto as subministracións da materia prima como as vendas do produto final se transaccionen exclusivamente coa empresa vendedora, a antiga Ferroatlántica, do grupo Ferroglobe, polo que a operación non deixou de ser un cambio cosmético da propiedade, pois o control total da producción seguía dirixíndose dende o Paseo da Castellana 259 D en Madrid.

Posteriormente, en outubro de 2023, a empresa Xeal foi vendida a unha empresa chamada ENERGO-PRO A.S., filial dunha sociedade checa DK HOLDING INVESTMENTS S.R.O., e actual propietaria. No marco desa operación, os saldos



Asinado o día 16/02/2 18:22 Por Ramón Fernánde
Asinado o día 16/02/2026 ás 18:22 Por Brais Ruanova Vilas-Boas
Asinado o día 16/02/2026 ás 18:22 Por Óscar Insua Lema
CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(débedas e créditos) que Xeal tiña coas sociedades do grupo Kehlen foron subrogados polo novo accionista. Isto provocou tamén a disolución do grupo de consolidación fiscal que había con Kehlen e, segundo a memoria, aprobouse un novo grupo de consolidación fiscal entre Xeal e unha sociedade denominada FEROE VENTURES & INVESTMENTS S.L.U. Unha sociedade con nome de illas que sempre foron consideradas coma un paraíso fiscal, o que non aporta moita tranquilidade de cara ao futuro da empresa e da comarca. Ademais esta sociedade solicitou participar no concurso dunha concesión de augas superficiais para a execución dun almacenamento hidráulico de enerxía no río Xallas, no concello de Mazaricos, (clave AC/7/180) e que está pendente de resolverse.

De todos era sabido, o interese que tivo o grupo Villar Mir por segregar as actividades de ferroaliaxes da produción eléctrica da empresa, un obxectivo ao que non renunciou despois o fondo Norteamericano, xa que despois da adquisición do complexo enerxético e industrial, este negouse a retirar o recurso contra a resolución de Augas de Galiza que denegara tal autorización, e interposto no seu día pola anterior propietaria. É máis, XEAL presentara recurso de casación diante do Tribunal Supremo contra a decisión do TSXG que avalaba o acordo de Augas de Galiza. Unha providencia do alto tribunal inadmitiu o recurso e por tanto as pretensións de segregación, ratificándose a decisión de Augas de Galiza, de considerar esencial a condición das concesións, a vinculación das actividades, e que sempre fora asumida pola empresa nas distintas transmisións de compra, co obxectivo de garantir a viabilidade da empresa e o mantemento do emprego nunha comarca deprimida, interese público que sostén o condicionamento das concesións hidroeléctricas.

A situación actual da empresa é de tensa calma e ben distinta a existente hai unha década. Se hai dez anos utilizaban o pretexto de que as hidroeléctricas non eran rendibles para solicitar a segregación, hoxe é ao revés, pois estas son as que proporcionan o beneficio ao grupo industrial. A produción de ferroaliaxes funciona ao



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:24:21
Nº Rexistro: 50919
Data envio: 16/02/2026 18:24:21.319

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

60% da súa capacidade, con só tres fornos de cinco funcionando nas instalacións de Dumbría e Cee, previsiblemente ata xuño, e cunha plantilla de traballadores activos de 210 traballadores directos, arredor de 80 menos desde que o grupo Ferroglobe vendiu no 2019 o complexo industrial, e máis da metade de cando o grupo Villar Mir se fixo coa empresa nos anos 90. A capacidade de produción de XEAL é de 55.000 toneladas anuais entre as dúas fábricas, máis a produción actual de 780 Tn/mes, está moi lonxe de chegar a aquelas cifras, a pesar de que recentemente comezaron a producir unha nova ferroaleacción de ferrosilicocromo. Isto é consecuencia da permanente dependencia nas tomas de decisións do grupo Ferroglobe, que segue mantendo as fábricas de ferroaliaxes no Estado Español, en Francia, en Sudáfrica, en Venezuela, ou China, e primando a produción noutros lugares, por cuestións de rendibilidade económica.

O 14 de xaneiro deste ano a empresa organizou un evento ao que acudiu o presidente da Xunta e a Conselleira de Industria, para anunciar o inicio das obras da nova planta de produción de carbón vexetal en Dumbría, no que se investirán 21,6 millóns, dos cales 9M proceden de fondos europeos do PERTE de Descarbonización para converter madeira en carbón vexetal co fin de substituír as 15.000 toneladas anuais de carbón mineral que veñen empregando nos procesos de fabricación. Anunciaron no consello da Xunta que crearían 15 postos de traballo directo, e recentemente a dirección da empresa "uns 60 postos de traballo en fase de construción" e "arredor de 40 entre directos e indirectos en fase de operación" segundo publicacións na prensa, cifras todas elas que bailan segundo sopre o vento.

O consello da Xunta declaraba en decembro de 2024 como proxecto industrial estratéxico esta planta de conversión de madeira en carbón vexetal, unha declaración enmarcada na filosofía do Goberno galego de axilizar e desburocratizar os procedementos administrativos que, neste caso, permiten adiantar os prazos de implantación das actividades industriais e, polo tanto, de creación de emprego. Ademais, o proxecto foi incluído no Plan autonómico de impulso e aceleración de



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proxectos industriais, creado a través da Lei 10/2023, de medidas fiscais e administrativas, polo que entre outros beneficios, facilita a posta á disposición dos suxeitos promotores dos proxectos industriais estratéxicos que así o requiran os instrumentos de financiamento público que contribúan a complementar a estrutura financeira do proxecto ou da iniciativa, que, en todo caso, deberá contar con financiamento privado. Estes instrumentos de financiamento público poden revestir a forma de toma de participacións en capital, préstamos, participativos ou non, garantías, incentivos a fondo perdido, ou unha combinación dos anteriores.

Todo isto non parece suficiente para vislumbrar un futuro viable para a actividade industrial, pois a retirada do guindastre no peirao de Brens e a diminución de descargas de materia prima nel, son razóns suficientes para pensar que a empresa pretende desmantelar a produción de ferroalixes e quedarse exclusivamente coas empresas xeradoras de enerxía. Que sentido ten que a empresa XEAL precise xerar máis enerxía coas novas solicitudes concesionais, se non é capaz de consumir toda a que produce para producir ferroalixes. A razón non é máis que o interese que ten hoxe en día por centrar a súa actividade económica na produción eléctrica, a máis rendible sen dúbida, o que provoca que a actividade económica vinculada de ferroaleaccións, que é a que xera máis postos de traballo, acabe desaparecendo, pois a falla de produción provoca tamén a falla de competitividade no mercado, o que finalizará na inviabilidade empresarial.

Toda esta estratexia empresarial xera unha situación de incerteza na comarca, xa que ao desmantelamento constante e continuo da produción industrial e á perda de emprego, hai que sumarlle o bloqueo empresarial na negociación colectiva, así como os reiterados incumprimentos en materia laboral e de prevención de riscos. O convenio colectivo está caducado dende hai máis de un ano e está constatada unha perda do poder adquisitivo dos traballadores que xa ten unha acumulación dun 11,3% dende o último convenio aprobado, o que significa unha perda de arredor de catro mil euros anuais, e a



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:24:21
Nº Rexistro: 50919
Data envio: 16/02/2026 18:24:21.319

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dirección da empresa mantén paralizada a negociación, e por enriba burlarse dos traballadores, ao ofrecerlle unha subida do 0,5%, por debaixo do IPC na última proposta hai meses.

Dende o ano 2022, XEAL recibiu máis de 30 millóns de euros en axudas públicas das distintas administracións, segundo o rexistro público do Sistema Estatal de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas. O resultado económico da empresa no ano 2024, foi duns beneficios despois de impostos de 23.414.404,58 millóns de euros. Todas estas cifras deixan en papel mollado a tan manida e pregoada Lei 2/2024, de 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza, aprobada polo partido popular.

Ante esta situación, é preciso que a Xunta tome en consideración as reivindicacións do comité de traballadores de XEAL, no que respecta á negociación colectiva como á atención que debe poñer Augas de Galiza cumprindo a sentenza sobre as cláusulas de vinculación de actividades nas concesións hidroeléctricas nos seus estritos termos, obrigando á empresa concesionaria a aumentar a produción de materiais ferroaliados, ata chegar ao número de empregos existentes na data de interposición da demanda, 293 traballadores, e en caso contrario rescindir e reverter algunhas das concesións hidroeléctricas, e volvelas a sacar a concurso para que sexan outras empresas as que opten a esa produción enerxética co obxectivo de crear outro tipo de empresas e novos postos de traballo na comarca.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:24:21
Nº Rexistro: 50919
Data envio: 16/02/2026 18:24:21.319

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o goberno galego que se están a cumprir os obxectivos da lei 2/2024 buscando o maior beneficio social e económico no caso da explotación dos recursos naturais pola empresa XEAL?

-Que valoración ten o goberno galego sobre o comportamento da dirección da empresa na negociación colectiva do convenio cos traballadores?

- Parécelle exemplar o modo de actuar da empresa XEAL cos traballadores e coa sociedade da comarca, despois de gañar máis de 23 Millóns de euros e recibir das arcas públicas arredor de 10 millóns de euros por ano dende 2022?

- Vai o goberno galego a instar ás partes a negociar de boa fe para chegar a un acordo satisfactorio, tendo en conta que a empresa depende para a súa supervivencia fundamentalmente das concesións no dominio público hidráulico?

- Considera o goberno galego que XEAL está a cumprir as cláusulas concesionais e a sentenza xudicial do TSXG , despois de perder máis de 83 traballadores fixos dende 2019?

- Ten algún informe a consellería de Industria sobre o cumprimento de XEAL das cláusulas concesionais? Está exercendo algún control periódico da execución da concesión en concreto o “mantemento da actividade industrial e o nivel de emprego”?

- Vai a Consellería a actualizar a concesión, establecendo o número mínimo de traballadores que ten que empregar a empresa XEAL, tal e como veñen reclamando dende a representación sindical das fábricas?

-Que opinión ten a consellería sobre as condicións das compravendas sucesivas, onde a anterior propietaria, FERROGLOBE, segue exercendo o control das compras e das ventas de XEAL? Considera que foi unha compra encuberta? Vai a tomar algunha medida a consellería?



CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-O Consello da Xunta vén de declarar proxecto industrial estratéxico a nova planta de produción de carbón vexetal, cree o goberno galego que van a xerar 15 postos de traballo fixo? Cada posto de traballo tería unha axuda pública de 600 mil euros, que opinión lle merece á Consellería? Vai a conselleira a esixirlle á empresa que poña a funcionar as fábricas a pleno rendemento e a recuperar os postos de emprego perdidos, despois de outorgarlle esta subvención?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:24:21
Nº Rexistro: 50919
Data envio: 16/02/2026 18:24:21.319

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 16/02/2026 18:22:27**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 16/02/2026 18:22:35**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 16/02/2026 18:22:41**

**José Manuel Golpe Acuña na data 16/02/2026 18:22:52**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:24:21
Nº Rexistro: 50919
Data envio: 16/02/2026 18:24:21.319

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 18:24:23**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50924
Data envío: 16/02/2026 18:45:09.896

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández** e **Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á situación de deterioro e de falta de servizos na que a Xunta de Galiza mantén a estación de autobuses da Pobra do Caramiñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Resolución do 14 de xaneiro do 2002, DOG do día 22, da daquela Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, anunciaba a licitación do concurso para a concesión da explotación dos servizos públicos da estación de autobuses da Pobra do Caramiñal que finalmente se inaugurou a primeiros de outubro dese mesmo ano.

As súas instalacións, de arredor de 1.000 metros cadrados, supuxeron un investimento de máis de 300.000 euros , contan cun espazo para cafetaría, unha zona de agarda para as e os pasaxeiros, catro andéns e tamén catro taquillas para o despacho de billetes.

En case 24 anos de existencia, o que comezou sendo un servizo necesario e longamente agardado pola veciñanza da Pobra e que, como calquera outro servizo público, debera ir evolucionando e mellorando para dispoñer de cada vez maiores e mellores prestacións, foise deteriorando paulatinamente diante do abandono absoluto por parte da súa administración titular, a Xunta de Galiza.

Asinado o día 16/02/2026 ás 18:43
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 16/02/2026 ás 18:43
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50924
Data envio: 16/02/2026 18:45:09.896

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non só non houbo melloras nas instalacións e nos servizos, senón que apenas houbo mantemento dos mesmos, ata chegar ao punto de ter que facerse cargo o Concello da limpeza habitual no recinto.

A día de hoxe as condicións nas que se atopan as instalacións e o seu exterior, ubicadas en pleno casco urbano da Pobra do Caramiñal, son verdadeiramente deplorábeis, agravándose nos últimos anos de xeito manifesto e sen que se vexa sequera intención por parte do Goberno galego de comezar a melloralas e a recuperar ao cento por cen a actividade das mesmas.

O interior do inmóbel permanece pechado dende hai anos, o servizo de cafetaría, que levaba aparellado a apertura e peche do local, tampouco existe na actualidade, impedíndose o acceso ao interior dos usuarios e usuarios, nin sequera aos baños cos que conta.

Foi este avanzado e evidente deterioro a razón pola que o Grupo Parlamentario do BNG presentou unha emenda aos orzamentos da Xunta para o actual 2026, propoñendo unha partida orzamentaria de 300.000 euros para o arranxo integral das instalacións e a posta en funcionamento de todos os servizos da estación de autobuses. Proposta que, como tantas outras, foi rexeitada polo Grupo Popular no Parlamento galego e que volve incidir no desleixo da Xunta de Galiza de cara á mellora deste servizo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Que valoración fai o Goberno galego da situación na que mantén as instalacións e a contorna da estación de autobuses da Pobra do Caramiñal?



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50924
Data envio: 16/02/2026 18:45:09.896

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que motivo se deixou de contar co servizo de cafetaría, que levaba aparellado o acceso ao público ao interior das instalacións e a poder utilizar os baños que existen nas mesmas?

- Durante canto tempo pensa manter a situación de deterioro actual?

- Que previsións ten respecto de arranxar as instalacións, o seu exterior e de poñer a disposición da cidadanía todos os servizos cos que contan? De figurar nos seus plans, en que momento os vai efectivizar?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50924
Data envio: 16/02/2026 18:45:09.896

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 16/02/2026 18:43:23**

**Paulo Ríos Santomé na data 16/02/2026 18:43:54**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50924
Data envío: 16/02/2026 18:45:09.896

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 18:45:10**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:56:53
Nº Rexistro: 50930
Data envio: 18/02/2026 09:56:53.175

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/02/2 09:48
Por Alexandra Fernár

**Á Mesa do Parlamento**

**Paulo Ríos Santomé, Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas necesarias para facer do transporte de ría un servizo de titularidade pública.

Asinado o día 18/02/2026 ás 09:48
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

Neste sentido, o transporte de ría tórnase central nas vilas e comarcas que dispoñen del, sendo unha modalidade de transporte máis áxil e que permite albergar un maior número de usuarios e usuarias por viaxe que o transporte por estrada.

Asinado o día 18/02/2026 ás 09:48
Por Paulo Ríos Santomé

Ante o carácter estratéxico deste servizo é necesario camiñar cara a titularidade pública do transporte de ría e equiparala con outras modalidades de transporte

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interurbano, hoxe en mans da Xunta de Galiza no caso do transporte interurbán por estrada ou o transporte ferroviario en mans do Estado español.

Así pois, a Xunta de Galiza debe desenvolver unha serie de accións para acadar a titularidade pública deste servizo, blindando así a súa continuidade e a atención ás necesidades dos usuarios e usuarias deste transporte.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Como se valora, por parte da Xunta de Galiza, a calidade do servizo de transporte marítimo na Ría de Vigo?

. A Xunta de Galiza entende que un servizo esencial non pode depender unicamente dos intereses das operadoras privadas?

. Vanse levar a cabo medidas para restituír o carácter público do servizo de transporte de ría entre O Morrazo e Vigo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:56:53
Nº Rexistro: 50930
Data envio: 18/02/2026 09:56:53.175

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 18/02/2026 9:48:10

Carmela González Iglesias na data 18/02/2026 9:48:28

Alexandra Fernández Gómez na data 18/02/2026 9:48:51

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 18/02/2026 9:49:00

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 09:56:53
Nº Rexistro: 50930
Data envio: 18/02/2026 09:56:53.175

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 9:56:53**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:15:06
Nº Rexistro: 50936
Data envio: 18/02/2026 10:15:06.263

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/02/2 10:13
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 18/02/2026 ás 10:13
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 18/02/2026 ás 10:13
Por Paulo Ríos Santomé

## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás medidas a adoptar por parte do Goberno galego para reforzar o transporte por estrada na comarca do Morrazo ante a suspensión do transporte de ría por mor do mal tempo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

No caso concreto da comarca do Morrazo, especialmente se falamos dos concellos de Cangas e de Moaña, a mobilidade non se entendería sen o transporte de ría, modalidade moi utilizada pola veciñanza para os seus desprazamentos a Vigo, cidade de referencia para múltiples cometidos, tanto para ocio, citas médicas, traballo etc.

Se ben, a titularidade deste servizo debera ser pública, cuestión que foi e será motivo de diferentes iniciativas, cando existen condicións meteorolóxicas adversas e esta modalidade de transporte non pode ser utilizada, son moitas as incidencias que se rexistran no transporte público por estrada por unha mala previsión da Xunta de Galiza.



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É así que cando se dan estas circunstancias, moitos usuarios e usuarias quedan sen prazas nos autobuses, co prexuízo que iso supón á hora de chegar en tempo ás aulas, citas médicas ou centros de traballo que se atopan fundamentalmente na cidade de Vigo.

Entre as responsabilidades da Xunta de Galiza no referido ao transporte público é fundamental a da planificación do transporte, debendo ser quen de ter previsión de incidencias desta índole e garantir solucións áxiles aos usuarios e usuarias a través dos reforzos de autobuses nas horas punta de ida e de volta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. É consciente a Xunta de Galiza da necesidade de reforzos de autobuses cando o transporte de ría non pode desenvolverse con normalidade?

2. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para garantir a suficiencia de prazas nestas circunstancias?

3. Ten analizado a Xunta de Galiza a necesidade de conseguir a titularidade do servizo de transporte de ría?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:15:06
Nº Rexistro: 50936
Data envio: 18/02/2026 10:15:06.263

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 18/02/2026 10:13:36**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2026 10:13:43**

**Luis Bará Torres na data 18/02/2026 10:13:49**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:15:06
Nº Rexistro: 50936
Data envio: 18/02/2026 10:15:06.263

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 10:15:07**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:24:17
Nº Rexistro: 50941
Data envio: 18/02/2026 10:24:17.016

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Suárez Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as medidas a tomar polo goberno galego para garantir a plena igualdade no ámbito dos deportes de remo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é un país coñecido e recoñecido internacionalmente polo seu alto nivel no que respecta aos deportes que se realizan no medio acuático. Neste sentido, o remo e máis concretamente as traiñeiras é un deporte en que Galiza destaca como unha verdadeira potencia sendo así as nosas deportistas un auténtico orgullo.

A este respecto, desde o Grupo Parlamentar do BNG consideramos que a acción gobernativa da Xunta de Galiza debe acompañar a axudar no que puider a excelencia que as e os deportistas mostran cada vez que saen ao mar adestrar ou competir.

Así, é innegábel que, hoxe por hoxe, existen eivas importantes sobre todo no relativo á falta de igualdade real e efectiva entre homes e mulleres no ámbito de actuación da Federación Galega de Remo. A disparidade de distancias en competición, as diferenzas nas retribucións económicas ou a falta de material adaptado para o remo feminino dan boa conta de que aínda hai un longo camiño para a consecución da igualdade neste ámbito.

Para alén diso, consideramos que é imperioso que a Secretaría Xeral para o Deporte inicie unha rolda de contactos cos clubes, especialmente aqueles que contan

Asinado o día 18/02/2026 ás 10:22
Por Noa Presas Bergantiños

Asinado o día 18/02/2026 ás 10:22
Por Iago Suárez Fernández

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:24:17
Nº Rexistro: 50941
Data envio: 18/02/2026 10:24:17.016

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con disciplina feminina, para coñecer de primeira man as necesidades e peticións do remo galego. Tendo en conta que a Liga Galega de Traiñeiras está financiada pola Xunta de Galiza, é máis que necesario que se vele pola erradicación total das desigualdades e que se teña en conta a opinión das deportistas e dos clubes.

A loita pola igualdade real e efectiva no deporte demóstrase con feitos, non só con declaracións. A Xunta de Galiza e en concreto a Secretaría Xeral para o Deporte conta con todas as ferramentas necesarias para conseguir avanzar nesta materia polo que non facelo só demostra falta de vontade política, algo que, a ollos do grupo parlamentar do BNG, non é de recibo.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Que opinión ten a Xunta de Galiza a respecto da situación do remo feminino?

- Está en disposición o goberno galego de iniciar unha rolda de contactos cos clubes galego do ámbito do remo para coñecer a súa situación e as súas peticións e necesidades?

- Cre a Xunta que debe haber equiparación das distancias de competición entre o remo masculino e feminino?

- Está en disposición a Xunta de promover unha liña de axudas para a compra de material adaptado coas necesidades do remo feminino?

- Que medidas e propostas ten o goberno galego para o remo galego a curto, medio e longo prazo?



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:24:17
Nº Rexistro: 50941
Data envio: 18/02/2026 10:24:17.016

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:24:17
Nº Rexistro: 50941
Data envio: 18/02/2026 10:24:17.016

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 18/02/2026 10:22:26**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2026 10:22:33**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:24:17
Nº Rexistro: 50941
Data envio: 18/02/2026 10:24:17.016

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 10:24:17**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:48:48
Nº Rexistro: 50960
Data envio: 18/02/2026 10:48:48.258

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/02/2026 ás 10:47
Por José Manuel Golpe

Asinado o día 18/02/2026 ás 10:47
Por Brais Ruanova Vilas-Boas

Asinado o día 18/02/2026 ás 10:46
Por Ramón Fernández Alfonzo

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo, Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o soterramento da liña de alta tensión Cornido – Navantia no barrio ferrolán de Caranza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A liña eléctrica aérea de 132 kV que une as subestacións de Cornido, no concello de Narón, e a subestación Navantia, no concello de Ferrol, discorre paralela ao litoral do barrio ferrolán de Caranza, atravesando unha zona de alta densidade urbana e de intenso uso recreativo e residencial da costa.

O trazado actual da liña ten un forte impacto paisaxístico negativo, xa que desmellora a imaxe litoral dun entorno de gran valor ambiental e patrimonial, conflitivo coa potencialidade turística e de uso público da beira mar. A presenza de torres metálicas e condutores aéreos de alta tensión fractura a continuidade paisaxística e dificulta a integración da liña na morfoloxía urbana consolidada de Caranza.

Do punto de vista urbanístico e de ordenación do territorio, a liña en traza aérea limita actuacións de rehabilitación urbana, reordenación do litoral e mellora de espazos públicos, que poderían revalorizar a zona e mellorar a permeabilidade e a conectividade da costa.

A liña tamén afecta á calidade de vida dos veciños e veciñas do barrio de Caranza, xa que a súa presenza xera unha percepción de incerteza e risco, aínda que se



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conte cos estándares de seguridade aplicables, e condiciona o uso cotián de parques, paseos e zonas próximas ao mar.

O soterramento de infraestruturas de alta tensión en contornas urbanas e de especial sensibilidade ambiental é unha práctica recomendada en múltiples ámbitos e exemplos de outras comunidades, co fin de reducir impactos visuais, mellorar a seguridade e integrar de forma sostible as redes de distribución de enerxía.

A solicitude de soterramento desta liña é coherente coa transición ecolóxica, co compromiso coa protección do paisaxe litoral e co dereito dos cidadáns a un entorno de alta calidade paisaxística e ambiental, así como coa necesidade de compatibilizar infraestruturas de transporte de enerxía con criterios de ordenación do territorio e de desenvolvemento urbano sostible

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Que xestións está realizando a Xunta de Galicia diante das empresas eléctricas responsables para impulsar o estudo técnico e a tramitación dun proxecto de soterramento dun tramo relevante da liña de132kVentre Cornido (Narón) e Navantia (Ferrol), en particular o tramo que discorre polo litoral do barrio de Caranza, co fin de mellorar o paisaxe e a calidade de vida da veciñanza?

2. Existe previsto algún calendario de actuación, estudo de viabilidade ou mapeo de custos asumidos pola Xunta de Galicia, e as empresas eléctricas para a tramitación deste soterramento, e, en caso afirmativo, pódese facilitar información sobre prazos e fases de execución?



CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que tipo de consultas e participación se prevén con os concellos de Narón e Ferrol, así como con a veciñanza afectada, na tramitación dunha actuación de soterramento, co fin de garantir a mellora da calidade de vida e do entorno litoral?

4. Dispón a Xunta de Galicia dunha estimación de prazos e fases de execución para a tramitación administrativa, o estudo de viabilidade técnica e económica e a posible execución material de dito soterramento, e, en caso afirmativo, pódese precisar calendario?

5. Que medidas se prevén para minimizar o impacto ambiental e paisaxístico durante a execución das obras de soterramento, no caso de avanzarse neste proxecto?

6. Conta, ou vai contar a Xunta coa colaboración do concello de Ferrol para a execución deste proxecto? En que medida?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:48:48
Nº Rexistro: 50960
Data envio: 18/02/2026 10:48:48.258

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 18/02/2026 10:46:55**
**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 18/02/2026 10:47:01**
**José Manuel Golpe Acuña na data 18/02/2026 10:47:08**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:48:48
Nº Rexistro: 50960
Data envio: 18/02/2026 10:48:48.258

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 10:48:48

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:56:47
Nº Rexistro: 50967
Data envio: 18/02/2026 10:56:47.243

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 18/02/2 10:55
Por Rosana Pérez Fe

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres**, **Daniel Castro García** e **Rosana Pérez Fernández**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o convenio coas universidades galegas para o desenvolvemento da análise da incidencia do cambio climático na costa galega.

Asinado o día 18/02/2026 ás 10:55
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2021 a Consellaría de Medio Ambiente asinou un convenio coas tres universidades públicas galegas para o desenvolvemento da análise da incidencia do cambio climático na costa galega. A achega da consellaría para este convenio foi de 159.000 euros, repartidos nas anualidades de 2021 e 2022. Tiña vixencia até o 31 de decembro de 2022, coa opción dunha prórroga de seis meses.

Este convenio está relacionado coas previsións da disposición adicional oitava da lei 2/2013 de protección e uso sustentable do litoral e de modificación da lei 22/1998 de Costas. E, en consecuencia, do previsto en instrumentos como o PIMA Adapta Costas e a Estratexia de Adaptación da Costa Española ao Cambio Climático.

Como a Xunta considerou que a metodoloxía sobre a previsible incidencia do cambio climático na costa elaborada polo Ministerio en colaboración coa Fundación Instituto de Hidráulica Ambiental de Cantabria non se axustaba á realidade da costa galega, acordouse a elaboración dunha metodoloxía propia:

Asinado o día 18/02/2026 ás 10:55
Por Luis Bará Torres

"debido á configuración das rías galegas e a que o Ministerio indica a posibilidade de utilizar outras proxeccións distintas ás utilizadas polo IH, decidiuse que era necesario realizar un estudio específico para a costa de Galicia, desenvolvendo unha metodoloxía propia baseada no coñecemento da realidade galega e nas ferramentas de



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proxeccións climáticas das que dispón a Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático".

O obxecto do convenio era o seguinte:

*1. Definir a metodoloxía para o estudo de riscos da costa fronte ao cambio climático.*

*1.1. Desenvolvemento de dinámicas de alta resolución para aplicar tanto no exterior como no interior das rías galegas, tendo en conta a erosión e a inundación.*

*1.2. Definir a metodoloxía para a avaliación da exposición e vulnerabilidade de activos naturais e dos activos socioeconómicos da costa de Galicia.*

*2. Construción dun Visor de cambio climático.*

*3. Análise da incidencia do cambio climático nas costas de Galicia.*

*3.1 Análise da perigosidade asociada á inundación e erosión.*

*3.2 Exposición e vulnerabilidade nas rías.*

*3.2.1 Sectores económicos.*

*3.2.2 Ecosistemas naturais.*

*3.3 Estudos de morfodinámica no interior dos estuarios.*

*4. Desenvolvemento de novas dinámicas axustadas aos modelos xerais obtidos no CMIP6.*

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:56:47
Nº Rexistro: 50967
Data envio: 18/02/2026 10:56:47.243

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*5. Desenvolvemento dunha metodoloxía para ter en conta nas inundacións costeiras a interacción coas crecidas e asolagamentos producidos polos ríos na súa desembocadura.*

*6. Actualización do visor a partir das dinámicas actualizadas segundo os modelos do CMIP6 e da metodoloxía actualizada de inundacións costeiras.*

*7. Actualización da análise da incidencia do cambio climático nas costas de Galicia a partir das dinámicas actualizadas segundo os modelos do CMIP6 e da metodoloxía actualizada de inundacións costeiras.*

*8. Xestión do proxecto.*

*8.1 Coordinación.*

*8.2 Elaboración e revisión do informe final.*

O convenio asinado establecía que "Durante os meses de outubro a decembro de 2022 elaboraranse o informe final, o resumo executivo e a documentación para a presentación e difusión do proxecto".

Transcorridos máis de tres anos do final do convenio, non se coñecen os resultados do mesmo, nin as actuacións que se levaron a cabo en virtude do contido do informe final. Estes documentos foron solicitados ao abeiro do artigo 9 do regulamento do parlamento e a Xunta non os enviou.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:



CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales foron as principais conclusións do informe final do convenio para o desenvolvemento da análise da incidencia do cambio climático na costa galega e que medidas se levaron a cabo ao respecto?

Ten previsto a Xunta elaborar un Plan de Adaptación da Costa Galega ao Cambio Climático?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:56:47
Nº Rexistro: 50967
Data envio: 18/02/2026 10:56:47.243

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 18/02/2026 10:55:14**

**Daniel Castro García na data 18/02/2026 10:55:20**

**Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2026 10:55:29**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 10:56:47
Nº Rexistro: 50967
Data envío: 18/02/2026 10:56:47.243

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 10:56:48**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:33:12
Nº Rexistro: 50977
Data envío: 18/02/2026 11:33:12.281

PSG PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia puxo en marcha a Rede de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar de Galicia (RAOGAL) no marco do Plan Recupera, creando unha estrutura de apoio educativo orientada ao acompañamento do alumnado e das familias en situacións de especial vulnerabilidade e risco de abandono, con capacidade de coordinación directa con outros sistemas públicos.

A rede desenvolveuse mediante Unidades de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar (UACO), cunha distribución territorial por ámbitos comarcais e cun centro base, atendendo primaria e secundaria, e funcionando como recurso especializado ao que derivaban os departamentos de orientación dos centros cando os casos excedían o estritamente educativo e requirían intervención interinstitucional.

Porén, a comunidade educativa e as familias veñen denunciando que a Xunta decidiu en verán a supresión de RAOGAL, deixando sen alternativa a centros e alumnado vulnerable e interrompendo un dispositivo que, segundo as propias valoracións realizadas pola comunidade educativa arredor do seu funcionamento, contribuía a descargar tarefas do profesorado e a dar resposta máis integral aos casos complexos.

Asinado o día 18/02/2026 ás 11:18
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 18/02/2026 ás 11:18
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

Cómpre lembrar, ademais, que este tipo de unidades de acompañamento encaixan co deseño do propio programa estatal de Unidades de Acompañamento e Orientación de cooperación territorial, destinado a alumnado en risco de repetición e abandono, e que a súa continuidade require vontade política e dotación estable.

A orientación educativa e o acompañamento socioeducativo son pezas esenciais para a inclusión. Por todo o anterior, resulta imprescindible reactivar RAOGAL con fondos propios da Xunta, garantindo continuidade, estabilidade do persoal e cobertura territorial, e reforzando a coordinación cos servizos públicos implicados.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Por que motivo decidiu a Xunta de Galicia suprimir RAOGAL?
2. En que data exacta comunicou a Xunta de Galicia esa decisión aos equipos responsables?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:33:12
Nº Rexistro: 50977
Data envio: 18/02/2026 11:33:12.281

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 18/02/2026 11:18:27**

**Silvia Longueira Castro na data 18/02/2026 11:18:33**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstIa8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:33:12
Nº Rexistro: 50977
Data envio: 18/02/2026 11:33:12.281

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 11:33:13**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:34:24
Nº Rexistro: 50981
Data envio: 18/02/2026 11:34:24.658

PSG DE PSOE

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia puxo en marcha a Rede de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar de Galicia (RAOGAL) no marco do Plan Recupera, creando unha estrutura de apoio educativo orientada ao acompañamento do alumnado e das familias en situacións de especial vulnerabilidade e risco de abandono, con capacidade de coordinación directa con outros sistemas públicos.

A rede desenvolveuse mediante Unidades de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar (UACO), cunha distribución territorial por ámbitos comarcais e cun centro base, atendendo primaria e secundaria, e funcionando como recurso especializado ao que derivaban os departamentos de orientación dos centros cando os casos excedían o estritamente educativo e requirían intervención interinstitucional.

Porén, a comunidade educativa e as familias veñen denunciando que a Xunta decidiu en verán a supresión de RAOGAL, deixando sen alternativa a centros e alumnado vulnerable e interrompendo un dispositivo que, segundo as propias valoracións realizadas pola comunidade educativa arredor do seu funcionamento, contribuía a descargar tarefas do profesorado e a dar resposta máis integral aos casos complexos.

Asinado o día 18/02/2026 ás 11:25
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 18/02/2026 ás 11:25
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:34:24
Nº Rexistro: 50981
Data envio: 18/02/2026 11:34:24.658

Cómpre lembrar, ademais, que este tipo de unidades de acompañamento encaixan co deseño do propio programa estatal de Unidades de Acompañamento e Orientación de cooperación territorial, destinado a alumnado en risco de repetición e abandono, e que a súa continuidade require vontade política e dotación estable.

A orientación educativa e o acompañamento socioeducativo son pezas esenciais para a inclusión. Por todo o anterior, resulta imprescindible reactivar RAOGAL con fondos propios da Xunta, garantindo continuidade, estabilidade do persoal e cobertura territorial, e reforzando a coordinación cos servizos públicos implicados.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia do funcionamento de RAOGAL durante o seu desenvolvemento?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro do 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:34:24
Nº Rexistro: 50981
Data envio: 18/02/2026 11:34:24.658

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 18/02/2026 11:25:27**

**Silvia Longueira Castro na data 18/02/2026 11:25:34**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:34:24
**Nº Rexistro: 50981**
Data envio: 18/02/2026 11:34:24.658

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2026 11:34:25**

CSV: BOPGDSPG-5wyEstla8-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2026 11:35:41
Nº Rexistro: 50985
Data envío: 18/02/2026 11:35:41.318

# Á Mesa do Parlamento

**Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia puxo en marcha a Rede de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar de Galicia (RAOGAL) no marco do Plan Recupera, creando unha estrutura de apoio educativo orientada ao acompañamento do alumnado e das familias en situacións de especial vulnerabilidade e risco de abandono, con capacidade de coordinación directa con outros sistemas públicos.

